



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2010.-**

<p><b>SRES. Asistentes</b> <b>Sr. ALCALDE:</b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <b>SRES. CONCELEIROS:</b> D<sup>a</sup> María Victoria Montenegro Paz. D. Francisco García Prego. D. José Salvador Ferreiro Montenegro. D<sup>a</sup> Ana María Fernández Coira. D. José Manuel Cendán Fernández. D<sup>a</sup> Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D<sup>a</sup> Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D<sup>a</sup> Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. D. Francisco Echevarría Lage. <b>Sr. Secretario:</b> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cincuenta minutos do día trinta de decembro de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, por esta manifestase que o retraso no comenzo da mesma é debido á sinatura de Convenios que tiñan que estar asinados antes do día 31 de decembro, acto seguido entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**PUNTO NÚM. 1.- DAR CONTA DO AUTO DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ÚNICO DE FERROL DE 24/09/2010, (P.O. 086/2010).**

Dada conta do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo Unico de Ferrol de data 24/09/2010, Procedemento Ordinario 086/2010.

O Señor Secretario da lectura ó FALLO: “Declaro caducado de oficio el recurso contencioso-administrativo ordinario 086/2010, seguido en este Juzgado a instancia de el la ABOGADA SRA. PERILLE ARRIBE, en nombre y representación de D<sup>a</sup> MARTA SEIJAS DIAZ, en relación con el acto administrativo aludido en el hecho primero de esta resolución.

O Concello Pleno dase por enterado.



**PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA DA SENTENZA DO T.S.X.G. SALA DO SOCIAL DE 12/11/2010, (R. SUPPLICACIÓN 0000667/2010)**

Dada conta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza Sala do Social de data 12/11/2010, na se dicta o seguinte FALLO: “ Que desestimamos el recurso de suplicación formulado por el CONCELLO DE ARES conta la sentencia dictada el 23/10/09, por el Juzgado de lo Social núm. 2 de FERROL en autos Nº 314-09 sobre MOVILIDAD FUNCIONAL seguidos a instancias de RAMON COSTA FERNANDEZ contra el recurrente resolución que se mantiene en su integridad”.

Interven o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Está é a segunda vez que hai unha resolución en contra do Concello, por este traballador municipal, en trinta anos de democracia esto non había pasado.

O Sr. Alcalde, manifesta que se non retira o que di lle está imputando un delito, esta Senteza non é por acoso, entonces se mantes que é por acoso me estas imputando un delito, e entonces eu te vou a denunciar por inxurias.

O Sr. Manuel Cendán, ti me podes denunciar polo que queiras eu vou a dar a miña opinión.

O Sr. Alcalde di que con respecto a Sentenza estas mentindo, non é por acoso é por movibilidade funcional, aquí hai que falar con propiedade.

O Sr. Manuel Cendán , di que é igual esta é a segunda vez na túa lexislatura, o que non pasou en trinta anos, que levamos de democracia, e eu recordé que teño cincuenta e un anos, que se lle houbera feito esto a ningún traballador municipal, nunca que eu recordé e é a segunda Sentenza condenatoria que hai contra os acordos da Alcaldía, eu creo que esto hai que acabalo que volva a cordura, este señor esta de baixa e cando se incorpore que volva á normalidade, e é o que pedimos nos que volva á normalidade, e non facer afirmacións como se viñan facenda, de que facia campaña ou traballaba para o P.P. e se quere reabrimos o debate sobre este tema, porque senon despois eu en rogos e preguntas, vou a formular actos de traballadores do Concello en horas lectivas a traballar para actos organizativos do Partido Socialista Obreiro Español, como foi en Santa Catalina os días 11 e 17 de decembro que tres traballadores do Concello en horas lectivas do Concello estiveron traballando e facendo cousas da organización deste evento, e nos venimos aquí, que ninguén veña a facer un expediente a ningún traballador, eu creo que esto e o dixeran moitas veces, antes de chegar a estas situacións, hai que dialogar, hai que negociar, e se hai que castigar a un traballador porque incumpre e non obedece, se castiga e non pasa nada, que para eso están as leis para cumprir tanto pola parte do traballador como da Empresa, e creo que esto cando se incorpore este traballador e outros que pasaron por estes mesmos casos, que se volva á normalidade e que non se dupliquen as funcións para beneficiar a outras persoas que son afíns, eso é o que hai



aquí estmos nun estado de Dereito e Democrático, cada un pode pensar como lle de a gana, pode ser de extrema esquerda, pode ser de extrema dereita, se cumpre no traballo cada un pode pensar como lle de a gana, eu creo que eso, no seculo XXI nun Estado de Dereito e Democrático, eso non se pode admitir, e menos nunha Administración, con eso xa digo bastatane e espero e desexo que no futuro, sexa o Alcalde quen sexa, non volva a suceder.

O Sr. Alcalde di que sendo o Alcalde vde. neste puntos non se podía intervir, non podía intervir ninguén porque son puntos de dar conta, cando cambia o goberno efectivamente un goberno progresista co apoio do BNG, efectivamente se pode intervir en todos os puntos, cando vostede era Alcalde nos puntos de dar conta non daba o uso da palabra, en calquer caso, aquí desde un principio se dixo que podía falar quen quixera, e por suposto se está para dicir o que me gusta e o que non me gusta, porque isto efectivamente é unha Democracia, a Sentencia non é por acoso, a Sentenza e porque cando un traballador, se lle encargan funcións hai que darllas por escrito en aras da seguridade xurídica, non se lle deron por escrito, foron verbais e loxicamente presenta unha demanda, logo se lle dan por escrito e o escrito non se impugna, o escrito asina pola Alcaldía sigue vixente, non o anulou efectivamente ningunha sentenza e non se anulou, e non se anula a Resolución de ningún Alcalde, evidentemente para a mobilidade funcional, loxicamente hai que garantir a seguridade xurídica e hai que poñelo por escrito, cando este Señor entrou a traballar, entrou a dedo, no seu expediente o único que había era o seu contrato, este señor entrou un día a traballar no Concello a dedo, no expediente o único que hai que eu o pedín, é o seu contrato, e o anterior Alcalde antes de irse o fai fixo, as cousas efectivamente non teñen mais volta é así, entra a dedo e antes de perder as eleccións o fai fixo, evidentemente a nova Corporación se atopa con esta situación e non pasa nada, pero evidentemente esa é a realidade. Para usar Santa Catalina hai taxas, quen quere usalo lle solicita ó Concello a taxa, podese usar para bodas, podese utilizar para conferencias, podese utilizar para facer unha visita, podese utilizar efectivamente para todos os usos compatibles, e tes que pagar a taxa, o Partido Socialista pediu Santa Catalina para utiliza-la dous días e pagou a taxa, e evindentemente o Concello que cobra a taxa, igual que cando hai unha boda, vai a mirar se esta ben para a boda, se esta ben para a conferencia, se esta ben para o acto polo que cobra a taxa, o concello ten que ir a abrir e facilitarlle o uso, o que paga a taxa, o Partido Socialista pagou a taxa, e o Concello garantizoulle o uso porque cobrou a taxa, entonces e así, non hai traballadores do Concello traballando para o PSOE, hai traballadores do Concello traballando para o Concello que lle cobra a taxa o PSOE polo uso dunhas intalacións, que teñen que estar na habitación alugada limpa, porque so se usou unha habitación, pero se pagou a taxa de uso completo, se usou o comedor de oficiais, e se foi a poñer bombillas ó Comedor de Oficiais, e abrir os baños.

O Sr. Manuel Cendan di se a periodista se encarga deso.

O Sr. Alcalde resposta que a periodista foi a dar unha conferencia, a periodista no seu tempo libre e fora do horario de traballo fai o que quere.



O Sr. Manuel Cendan di que foi en horas de traballo.

O Sr. Alcalde di que a periodista foi a dar a conferencia gratis, fora do seu horario de traballo, e punto, e efectivamente o Partido Socialista pagou a taxa e se garantizou o uso, e sabes porque, porque Moncho, que é que o ía a facer estaba en Filipinas, porque si Moncho estivera aquí o facia el, que é o encargado de facelo, pero non estaba, esa é a razón, Moncho esta en Filipinas, entonces o traballo de Moncho tivo que facelo outro, entonces o traballo del que consiste en abrir e estar alí cando alguen paga a taxa, o tiveron que facer outros, este é un punto de dar conta e dimos conta Manuel, logo en rogos e preguntas dis o que queiras, pasamos o punto seguinte.

O Concello Pleno dase por enterado.

### **PUNTO NÚM. 3.- CREACION SEDE ELECTRÓNICA.-**

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral para explicar en que consiste a Sede Electronica: Na sesión plenaria de 29 de abril deste ano, se levou a cabo a aprobación de Regulamento de Administración Electrónica e o Rexistro, e quedo usen meter o acordo de creación da Sede Electrónica. No regulamento figura, concellodeares.com, pero ten que figurar un acordo expreso de creación de Sede Electrónica, e eso.

\_ Vista a necesidade de crear unha Sede Electrónica neste Municipio co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns.

Visto que a Sede Electrónica se axusta aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

Visto que a publicación na Sede Electrónica de información, servizos, e transaccións respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordó cos estándares abertos, e no seu caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

A vista de todo o disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, de 22 de xuño de Acceso Electrónico dos Cidadáns, o Pleno, adopta por unanimidade o seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Crear con efectos de 1 de xaneiro de 2011 a Sede Electrónica do Concello de Ares na dirección electrónica [www.concellodeares.com](http://www.concellodeares.com) cuxa titularidade, xestión e administración



corresponde a este Concello e que cumprirá cos requisitos establecidos no ANEXO I, que se integra e forma parte do presente Acordo.

**SEGUNDO.-** Aprobar o catálogo de trámites e procedementos que o cidadán pode realizar por medios electrónicos ante este Concello e que se inclúen no ANEXO II como parte integrante do presente Acordo.

**TERCEIRO.-** Establecer que a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, deban publicarse no taboleiro de anuncios se complemente coa súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico incluído na Sede Electrónica, sen prexuízo de que poida ser substituída devandita publicación, nos casos en que así se determine.

#### **REQUISITOS DA SEDE ELECTRONICA.**

- Permitirá o acceso aos cidadáns para a realización de trámites co Concello.
- Conterá toda a información sobre os procedementos e trámites a seguir ante o Concello.
- Conterá unha relación dos procedementos disponibles electrónicamente.
- Permitirá coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos expedientes nos que o cidadán teña a condición de interesado.
- Conterá toda a información sobre as autoridades competentes para cada actividade dos servizos ofrecidos.
- Conterá distintos tipos de escritos, comunicación, solicitudes que poidan presentarse ante o Concello.
- Incluirá, en todo caso, unha caixa de correo de queixas e suxestións.
- Terá a posibilidade de que o cidadán obteña copias electrónicas.
- Incluirá a relación dos medios electrónicos disponibles para que o cidadán se relacione co Concello.
- Mostrará de xeito visible a data e a hora garantindo a súa integridade.
- Incluirase unha lista cos días considerados inhábiles.
- No seu caso, garantirase o acceso en ambas linguas cooficiais.
- Garantirá a identificación do titular da Sede Electronica.
- Deberá dispoñer de sistemas que permitan o establecemento de comunicación seguras sempre que sexan necesarias.
- Permitirá a publicación de actos e comunicación que, por disposición legal ou regulamentaria deban publicarse no taboleiro de anuncios ou edictos.
- Conterá a lista de sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos.
- Conterá a lista selos electrónicos utilizados polo Concello, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden.
- Conterá as disposicións de creación do Rexistro Electrónico.
- No seu caso, a Sede Electrónica permitirá a publicación electrónica de boletíns oficiais propios.



- Así como calquera outro requisito incluído na Lei 11/2007, de 22 de xuño de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.

## **ANEXO II.**

### **CATALOGO DE PROCEDEMENTOS ELECTRÓNICOS DISPOÑIBLES.**

- Servizos Públicos.
- Padrón de Habitantes.
- Licencias.
- Tributos.

### **PUNTO NÚM. 4.- APROBACIÓN SE PROCEDE ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE, DAS ACTIVIDADES FEIRAIS DO CONCELLO DE ARES.**

O Sr. Alcalde manifesta, que nesta Ordenanza, o que temos e unha regulación da actividade, entón a actividade de venda ambulante carece de regulación, non están reguladas ditas actividades entón pois aprobábase unha ordenanza que pretende regularla, no punto seguinte se pretende aprobar a Ordenanza Fiscal, e dicir que a quen desenvolve esa actividade de venda ambulante teña que pagar un taxa, loxicamente a actividade máis importante de venda ambulante no Concello é o Mercadillo, que ten lugar os martes e venres, e é normal que paguen unha taxa, pois xeneran gastos, logo hai que ir a limpar, entón estamos no punto de aprobar a Ordenanza.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Antes de nada dicir que estamos de acordo, coa regulación da venda ambulante e sobre todo das actividades pero o problema que lle vemos é poñer en funcionamento dita Ordenanza porque sabemos o tema de fondo que hai con este tipo de vendas ambulantes, e creo que regularlo sería unha boa noticia, eu por outra parte, teño que dicir que ogalla se cumprirá tal cual esta aprobada e que se efective así como o recollemos mediante esta Ordenanza, polo tanto meu voto vai a ser favorable, pero xa digo ogalla que se cumpra para o fin que leva implícito dita ordenanza polo tanto meu voto vai a ser favorable á proposta.

Toma a palabra o voceiro do BNG SR. Rodríguez Doval: Ben en todo caso efectivamente do que se trata hoxe aquí, tanto neste punto, eu vou a englobar a miña intervención sobre os dous, vamos a manter unha posición uniforme nos dous puntos, o que se trata non e de sustanciar de que se regule ou que se regule mellor o tema da venda ambulante, incluso o propio funcionamento do Mercado e do propio Mercadillo, aquí o que hai unha ordenanza concreta con artigos, con sancións, con propostas concretas non, e digo isto porque na Comisión que tivemos de Cultura do pasado día 17, de Cultura, Economía, Comercio e Medio Ambiente, que e a onde foi este asunto, eu se non me equivoco non sei se recolleuse na acta, creo que houbo un debate creo que importante que ademáis aclarou algunhas dúbidas que había, e creo que había coincidencia por parte de todo o mundo en que había que abordar este tema, pero que había que abordalo desde o coñecemento desde o que



xa tiñamos, xa non partiamos de cero, e había que abordalo tamén desde o coñecimento de outro tipo de normativas que non son de carácter municipal, neste caso as que son da propia Xunta de Galicia que afectan a venda de determinado tipo de alimentos perecedeiros, en resume o que se quedou si mal non me equivoco digo foi primeiro de que se revisara a normativa municipal existente, que existe, obviamente como despois explicarei, segundo que se achegará a normativa autonómica que nos poidese afectar, e despois isto foi unha aseveración que fixo o propio Alcalde que se levara á o debate a mesma Comisión a Ordenanza Reguladora e a Comisión de Facenda a taxa, porque obviamente non sei si é preceptivo pero en todo caso a aprobación de taxas neste Concello do que eu sei sempre se fixo cun debate previo da Comisión de Facenda, un dictame da Comisión de Facenda, e despois unha aprobación por parte do Pleno, como eso non fora así, non pasara nin siquiera pola Comisión de Facenda, foi o que se quedou, claro a min chegoume a convocatoria de Pleno, eu outro día non puideron asistir á reunión dos voceiros, pero a información que teño e que tampouco se tratou este tema hai, e non existe dictame ningún, nin da Comisión nin de nada.

O Sr. Alcalde dí que si non se aproba agora non entra en vigor.

O Sr. Rodríguez Doval di que eso xa o sabíamos e non facía falla convocar a xunta de voceiros para eso, o que digo que na convocatoria do Pleno non hai ningunha acta cun dictame da Comisión nin da Xunta de Voceiros que ademais non pode facer dictame, que esa é outra historia, e máis a xunta de voceiros se convocou cun tema exclusivo que era a orde do Día do Pleno, non para analizar ese tema, entón insisto no que dixen sempre, que as cousas cando se queren discutir hai que poñelas na Orde do Día, non chegar hai lanzar un paracaídas e falar do que nos apeteza, en todo caso eu quero ser respetuoso coas Comisións, eu non estou no goberno pero quero ser respetuoso as Comisións están creadas e teñen competencias, polo tanto este tema a onde tiña que ir, pois sen dúbida algúnha á Comisión de Facenda, a imposición da taxa tiña que estar na Comisión de Facenda, e alí tiñamos que cotexar toda a información que se manexa, polo tanto o Pleno se convoca e na Orde do Día do Pleno ó único que está é o que tiñamos na Comisión de Cultura e Comercio do día 17, non hai ningún dato, ningunha información novedosa complementaria, novedosa, dentro do expediente do Pleno, polo tanto o que ven é o que xa tiñamos o outro día, quero dicir que nin se trouxeron os informes, nin se debateu, nin hai un dictame específico a respecto de todo isto, en todo co cal a cuestión ven a Pleno, e me gustaría saber que opinión ten o Sr. Secretario de que este tema non viñera dictaminado por parte da Comisión de Facenda. Nos acreditamos na necesidade do regulamento, e a ordenanza, pero este ten que ser un debate aberto, completado e desde logo que non leve a unha absoluta e total metedura de zoco, e porque digo eso, bueno pois primeiro efectivamente aquí se discuteu o outro día moito de si partiamos ou non non partiamos de nada, eu teño aquí nas miñas mans e un regulamento do Mercado Municipal, amplo que regula algunhas das causas das que estamos falando hoxe aquí, a pesar de que é exclusivamente do Mercado Municipal, 29 de outubro de 1993, publicado no B.O.P. aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 20 de setembro de 1993,





loxicamente habería que partir deste regulamento que temos, vemos o que temos que adaptar porque cambiaron moitas cousas, hai un debate posterior e acordos posteriores porque a mín me consta cando estaba o Sr. Jose Juan Vilasánchez de Alcalde e estaba goberno en coalición co Bloque Nacionalista Galego, e a responsabilidade de servizos en concreto a levaba o BNG se fixo unha modificación, se amañaron os postos da praza e se fixo unha nova imposición de taxas, houbo un debate participativo e amplo, cando menos no 93 e con posterioridade se tocou este tema, o que non podemos e vir aquí dicindo que non temos nada, claro que si que temos, o que pasa e que non se está cumprindo, digamolo claramente, eso en primeiro lugar, en segundo lugar, o tema da Normativa Autonómica, e que hai unha Lei de Comercio que se aprobou a semana pasada, e no informe que fai o Sr. Secretario que sun dúbida o fixo con anterioridade, se fai referencia a unha Lei de Comercio anterior que é a do ano 88, polo tanto non vale, hai que mirar como esta a Lei de Comercio que se aprobou a semana pasada ou hai 10 días, e en función de todo eso facer unha adaptación, e despois eu tamen creo nas cousas que se fan para que se cumpran, non que se fan por dicir que hai que facelas, ou porque hai que cobrar unha taxa, eu creo que todos e todas temos interese en que o Mercado Municipal funcione, en que venda ambulante este regulada, en que todo o mundo cumpra os seus compromisos, etc., etc., eu creo que hai que facelo cun debate na propia Corporación, e despois tamen cursando a opinión entre os propios vendedores e vendedoras, unha cousa curiosa que estamos falando do ano 1993, e fíxense vostedes que no regulamento que estaba aprobado do ano 1993, se falaba dunha Comisión de consulta na que participaban os vendedores e vendedoras do mercado para resolver as incidencias que poida haber. Que quero dicir con todo isto que a forma na que se trae isto hoxe aquí, non se pode dicir que temos que acordalo porque senón non entra en vigor, porque será pero que entre vigor, que vaia mal e non se poda cumprir, a que non entre en vigor, non sei porque e xa remato non se cumplen os acordos nos que se queda nas Comisións Informativas, e despois aquí se fai unha interpretación por parte da Alcaldía que sempre e a mesma, entón nos se queremos ser respetuoso cos organismos de debate e decisión que marcou este pleno, por certo que nos non votamos a favor, que nos abstivemos porque non estábamos de acordo nas denominacións das Comisións e nas competencias, pero tamén somos respetuosos co que decide a maioría do Pleno, entón unha vez que se decide unha cousa fágase, e houbo tempo porque do día 17 ao día de hoxe se poido convocar a Comisión de Cultura e Comercio, se poido convocar a Comisión de Facenda, e se poido convocar unha reunión de Portavoces e darnos a documentación, se poideron convocar todas, e que pasa, pois que non houbo interese, e me da impresión de que se descoñece, o propio Regulamento do Mercado que temos do ano 1993, entón mal andamos, se ó final dicimos, que hai regular que non está nada regulado, pois claro que está regulado, e mentres non se derogue está en vigor, entón nos o que vamos a pedir porque temos moito interese en que este tema se faga ben, vamos a pedir aínda a costa de que efectivamente non este aprobado, o aprobamos en xaneiro e xa entrará en vigor, o máis importante é que o fagamos ben, e que regulemos ben o Mercado, que regulemos a venda ambulante, e que consigamos que esta actividade sexa unha actividade legal, lícita onde





poida participar todo o mundo, e nuns tempos de crise poida axuda a moita xente que realmente o esta necesitado, pero hai que facer as cousas ben, e despois hai que facer as cousas para que se cumpran, e se quero dicir unha cousa nos que desde que se xubilou unha persoa que era a que levaba a relación co mercado, que era o Sr. Benito Payo, pois efectivamente non temos a unha persoa adicada a ese tema, pois tamen é unha cousa que haberá que mirar, non a temos oficialmente designada, non quero dicir que non cobre ninguen, pero oficialmente non esta designada persoa algunha, e xa é hora de que unha responsabilidade destas características teña asignada unha persoa concreta para lévalo, entonces buenos nese sentido, pensamos que é máis correcto que o tema volva a debate en condicións, con a nova Lei de Comercio, e que hai formulemos unha proposta sería rigurosa e de futuro.

O Sr. Alcalde manifesta que este tema loxicamente plantexa a necesidade de que se regule algo que carece nestes momentos de regulación, a normativa que alude o voceiro do BNG, que é do ano 1993 non esta publicada polo que non entrou en vigor, ademáis como dí vostede se esta non vale por que se aprobou unha nova Lei de Comercio, esta outra menos porque se aprobaron oito, entonces hai que facer unha normativa porque agora estamos diante dunha situación inseguridade xuridica, esta non vale, e ademáis nunca se aplicou, entonces hai un vacio e hai que facer unha nova, se leva á Comisión e na Comisión, e na Comisión se fala que efectivamente se ten que aprobar porque senón non entra en vigor, e efectivamente prantexamos a necesidade de que o día 31 ten que estar aprobada, se pide na Comisión que se complemente a información, se complementa a información e vai a Xunta de Voceiros onde están todos os voceiros, comparamos efectivamente os prezos, comparamos as taxas, que a normativa aproba, que non están existentes, con anterioridade, e mantemos efectivamente a proposta, porque eso non serve, a iniciativa legislativa efectivamente a ten o grupo de goberno, e o grupo de goberno asume intentar unha nova normativa, e esta normativa vai a unha Comisión de Facenda, e vai a unha Xunta de Voceiros, e creo que duas reunión son máis que suficientes para aprobar unha normativa sobre venda ambulante, e ademáis que corre prisa, porque o sabemos senon a aprobamos agora non entra en vigor o vindeiro ano, os voceiros tiveron toda a información, na Comisión de Facenda efectivamente falouse, e o que faltou se levou á Xunta de Voceiros anterior ó Pleno, son vacacións, non son datas adecuadas, eu creo que con duas reunión e máis que suficiente, entonces o falamos cos voceiros e alí decidimos o que ven a Pleno e o que non ven a Pleno, e na Xunta de Voceiros acordouse traelo a Pleno, e o que traemos agora é unha normativa actualizada, con intención de cumprirse porque a aprobamos para cumprirse, xa que a do 93 efectivamente está desfasada, e loxicamente non vale para nada, non me extraña que non se aplique, aquí o que se aplica é que Benito iba cobrandolle a cada posto en man efectivamente o Mercadillo, agora non hai unha persoa que faga eso porque se lles obriga a ingresar en banco, pero vai a Policia Local, a Policia Local asigna os postos, e a Policia Local comproba se efectivamente pagaron a taxa ou non, e o que non pagou a taxa para ben ou para mal se lle está obrigando a desmontar, porque non pode vender sen pagar a taxa, pero eso está loxicamente sen regulación, porque a regulación está



evidentemente arcaica do ano 1993 eso non vale para nada, e efectivamente vostede tivo a oportunidade de decilo na Comisión de Facenda, e tamén tivo a oportunidade de decilo na Xunta de Voceiros e non o dixó, e o di agora no Pleno e no Pleno lle decimos que a do ano 1993 non serve para nada e de feito non se aplica, o único que se aplica e que Benito lles cobraba unha taxa, entón esta normativa nace con vocación de facerse cumprir.

Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Eu na Comisión de Cultura non estiven pero si meus compañeiros e me dixeron con colleras o compromiso de que isto pasara Comisión a unha de Cultura e outra de Facenda.

O Sr. Alcalde di que na Comisión de Facenda pero como non daba tempo fumos a unha de voceiros.

O Sr. Cendán di que despois de darlle unha revisión, eu coincido en algunha cousa co voceiro do BNG, en que hai cousas que se poden mellorar, nos vemos aquí a tabla comparativa de prezos, creo que miña compañeira falo una Comisión, o tema do Mercadillo o metro cadrado do mercadillo, nos vemos aquí a dous euros metro cadrado, eu pasei o último día que houbo mercadillo e teñen unha gran cantidade de metros cadrados e creo que non van a poder pagar todo isto, creo que a isto temos que darlle unha volta de tuerca.

O Sr. Alcalde di que agora están a pagar 1,53 euros metro, vai a Policía e lles pinta e eso está perfectamente medible, se sabe exactamente o que mide cada posto, e se lle sube 47 centrimos por metro.

O Sr. Manuel Cendán, di que o segundo tema que vemos nos e o tema da venda do pescado ambulante, eso haberá que regulalo, teremos que tomar unha determinación porque levamos unha cantidade de anos con esta historia, e eu creo que habera facer algo, volver a vella usanza poñer un horario de plaza, e despois claro xente de aquí que non vende.

O Sr. Alcalde di que vender pescado na praza son 7,83 euros ó mes, ter un posto de pescado unha mesa para vender na praza son 7,83 euros ó mes, por prezo non é.

O Sr. Cendán, di que o problema non é prezo, o problema é a venda xa que a xente non vai, eso haberá que regulalo, hai 15 ou 20 anos tiñan un horario para ir á plaza e despois saír a vender, hai que ter isto regulado para poder sancionar a alguen, porque antes cando non se cumpría o horario de mercado se sancionaba, e isto ten que ser recollido, eso si non se vende se perde, e haberá que darlles algunha facilidade pero si hai que regulalo, hai que acostumar á xente a que vaia o Mercado, o Mercado esta céntrico e hai que usalo, ademais eso é unha competencia desleal que teñamos xente que este hai e outra xente e outra xente por fora, eso o temos que recoller e chegar a un acordó entre todos, e facer o dano menos posible a todas estas familias, pero regulalo e que quede constatado no regulamento. Eu son partidario de que quede sobre a Mesa e darlle unha volta de tuerca.



Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Cando se fala de acordos de cumprimento e de incumprimentos hai que ser moi serio non, o que non se pode dicir que o regulamento do ano 93 está cadudo, se o lee vostede lle da mil voltas o que van aprobar vostedes, pero lle vou a leer algunhas por exemplo, "Regulamento do 93, estar dado de Alta na Licencias Fiscal, estar en posesión do carnet de manipulador", son os que pon vostede aquí non se está inventando nada, perdón eu no veño aquí a discutir con vostede, veño a expoñer a posición do meu grupo político, eu son respetuoso con todas e tamén quero que sexan coas miñas, polo tanto eu estaba naquel momento na Corporación loxicamente, e sei o debate que deu esto, e sei os Concelleiros e Concelleiras, e fundamentalmente algún dos Concelleiros de aquel grupo de goberno que tuvo que dar a cara naquel momento para que a xente viñera a vender ó Mercado e non anduvera vendendo por fora, pero eso sabe que é, enfrentarse politicamente coas cousas, a política as veces é enfrentamento, risco e complicación, pacto, pensar ata onde se chega, e sempre se chega ata un punto intermedio, efectivamente nos que no ano 2010 cando faltan 3 días para o ano 2011 temos un problema coa venda ambulante e unha cuestión bastante evidente, pero non me diga vostede que, nunca se cumpriu, porque si se cumpriu, se cumpriu cando se aprobou na Corporación entre o ano 1995 e 1999, se marcou claramente que non se venderan as carretillas de peixe por ahí, claro o que non podemos facer e inversión millonarias para as que pedimos diñeiro, que son de todos os cidadáns para facer unhas mesas, que teñen luz, que teñen cámaras frigoríficas nalgún caso, e que teñen auga e pagan xente para que despois outra venda pola rúa, porque entón estamos creando un agravio comparativo, pero eso hai que enfentalo, por eso digo que é un tema peliagudo, non nos pensemos que aprobando aquí agora unha ordenanza resolvemos un tema. Por certo o tema da venda do peixe se lle pasamos a proba do dedo, do algodón, coa normativa Autonómica non se pode vender pola rúa, e vostede o sabe que Ares é un dos poucos sitios que se sigue vendendo eso pola rúa, eu sei que é un tema complicado, pero si ben un inspector de sanidade, e ve o sistema co que se está vendendo a esos lles poñen unha multa, nos temos que negociar para vaian a vender ó Mercado, este é un tema complicado, e mire que o estou dicindo a vostede, que eu non estou no Goberno, pero hai que enfrentar este tema, esto que estaba aprobado no ano 1993 mentres non se derogue está en vigor, que se cumpra ou non se cumpra é responsabilidade de cada Corporación, e cada un que asuma o seu, haberá que saber porque uns a cumpriron e outros non quixeron cumprila e deixar que continuásemos hai. Ben tema da metodoloxía, mire vostede repitolle o que lle dixen antes, o que non se pode é enredar as cousas, e dicir se eu saio dunha comisión na que se queda que se vai a pasar a outra Comisión, eso se cumpre, ou aviso de que eso non se vai a pasar a outra Comisión, porque vostede a mín non me convocou a unha reunión de Portavoces para analizar a Ordenanza de venda ambulante, me convocou para mirar os temas que ian a Pleno, e como eu son respetuoso coas cousas que van na Orde do Día, e ademáis esta é a enésima vez que o digo si hai un tema específico para meter na Xunta de Portavoces, ten que ir especificado, entón Orde do Día do Pleno, e puntos x ou punto z, senón hai que respetar as Comisións, e



loxicamente a imposición dunha taxa, hai que facelo na Comisión de Facenda, non me diga vostede que dende o día 17 ata o día de hoxe coas festas polo medio que non tuvo tempo, e mire lle vou a dicir unha cousa, eu non lle din a coñecer este regulamento na Comisión do día 17 porque eu non o sabía, pero eu me preocupo das cousas, eu despois do 17 como tiñamos o compromiso de levar toda a documentación, pola miña conta, pola miña responsabilidade, porque aínda que eu non estou gobernando teño que aportar as ideas e os documentos, fun a buscalo, pois puido buscalo tamén alguen do grupo de goberno, o que non podemos é vir aquí sin saber o que estamos aplicando e como se fixo para poñer as taxas no ano 95 e no ano 96, porque non o sabemos, falta toda esa documentación, e despois xa me parece de mal gusto que vostede me vote en cara que non estuven na Xunta de Voceiros, porque era unha razón bastante xustificada, se estaba no hospital coa miña nai non podo falar, eu chamo o Sr. Secretario e lle digo Secretario diga que non podo estar por estas circunstancias. Se vostede queda en convocar a Comisión, convoque a Comisión, e non enrede que é o que fai, enredar, e non contribuir a que se aproben ven as cousas, porque esta ordenanza tal e como aquí xa non vale, porque a lei galega está cambiada, entonces colla vostede a nova lei Galega que está publicada e diga en que lle afecta á nova ordenanza, facemos as cousas con inseguridade e despois ven o que ven, hai que modificala e cunha cousa pasamos cinco ou seis acordos, faganse ben as cousas, o Concello de Ares, non se vai a facer rico por cobrar esa taxa, o Concello de Ares o que debe de preocuparse de facer as cousas en condicións, enton a nos que máis nos da que esto se aprobe o día 30 de decembro, que se aprobé no mes de xaneiro, non ten en absoluta importancia, se ademáis vai a ser unha cuestión complicada como recoñecemos todos, porque ademáis me chama a atención que o Portavoz de NAL a parte de darlle o seu voto nos esta dicindo que eso que ogalla se cumpla, pero non é un problema de desexo, eu tempo moita fe nas cousas, a pesar de que non son creente, pero teño fe nas cousas, pero isto non é unha cuestión de fe, é unha cuestión de medios, hai que facelo ben, hai que poñer medios para que se cumpra, e hai que aplicalo, como non se fixo ben, nin temos os medios non se vai a aplicar, eu para aprobar cousas que non se aplican prefiro que se discutan, e lle volto a repetir Alcalde, quedan catro ou cinco meses desta lexislatura, haber si é posible que neses catro ou cinco meses, seamos respetuosos coas cousas que acordamos.

O Sr. Alcalde manifesta que evidentemente necesitase unha Ordenanza, temos a venda ambulante cunha inseguridade xurídica moi importante, hai unha serie de normas que son de obrigado cumprimento, e que o Concello non pode darlle a espalda sistemáticamente, hai un Decreto do 2001 que Regula a venda ambulante, hai unha lei do ano 1996 que regula as actividades Feirais de Galicia, hai un Real Decreto do 2010 polo que regula o exercicio da venda ambulante e non sedentaria, e hai unha Lei do 2009 que regula o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, eso esixe unha normativa actualizada, e este grupo de goberno que ten a iniciativa lexislativa toma a iniciativa e vai unha Comisión, foi á Comisión de Comercio, porque entendimos nese momento que era a Comisión máis acertada, porque



esto é comercio, na Comisión de comercio faise a proposta, e van as dúas propostas de normatia, a regulación da actividade e a taxa, e se di bueno, a esto hai que darlle unha volta, porque efectivamente faltaba o que os voceiros puxeron de manifesto, que era canto se viña cobrando e canto efectivamente íase cobrar, aparte doutras cuestións, esa información se lle pide á Secretaria, e como antes do 31 temos vontade de que se aprobé, por suposto para cumplilos, aquí todo o que se aproba efectivamente é coa intención de cumprirse, e a iniciativa legislativa, consiste en que hai unha vontade política, de levar esto a cabo, e o grupo de goberno ten vontade política de levar esto a cabo, como tuvo a vontade política de levar todas as cousas que levou durante estes tres anos e medio, cousas gustan e cousas que gustan menos, o día 22 de maio o pobo xuzga e vota, e cada un loxicamente ten que pasar por esa tesitura, entonces cal é a intención do grupo de goberno, pois levar estas normativas para cumplilas, e considera que é infinitamente mellor que a do ano 1993, porque a do 93 non ten en conta toda a lexislación posterior. E unha normativa que regula a actividade, porque hai que describir a actividade, ver efectivamente as tipoloxías da actividade, e logo a actividade xenera efectivamente unhas taxas, porque a actividade xenera beneficios pero tamén xenera gastos, a vontade é que esto se aprobé, non empecemos a xuzgar de que non se vai a cumprir, esto o dí vostede, o texto se aproba para cumplilo, e é unha normativa actualizada, e unha normativa moderna, e unha normativa que comprende a venda en mercados, en mercadillos, as vendas ocasionais en mercados, como poden ser os días especiais que se sitúan o largo do pobo, a venda de todo tipo en vía pública, a venda ambulante en camións, regulase efectivamente o que se pretende, unha actividade en estos momentos en Ares, so coñece que había unha persoa que visitaba os postos e cobraba unha taxa e mal, que se ingresaba en metálico nunha caixa que había no mostrador, eso é o que había cando eu tomei posesión de Alcalde, viña Benito con diñeiro en metálico e o poñía detrás do mostrador, é o que había, non e a lei do 93, o que había era Benito viñendo con diñeiro en metálico que entraba no Concello sin ningún tipo de control e que se poñía detrás do mostrador, e eso é o que se pretende corrixir, por certo xa non hai ese diñeiro, teñen que pagar todos no banco e a Policía comproba que se está o día, pero claro esa taxa non regula outros aspectos que efectivamente son importantes, porque loxicamente se paga por metro de posto, pero hai outras actividades que efectivamente hai que regular como pode ser a inspección, o rexime de infraccións, a xestión as costas, entonces se sube nos mercadillos de martes e venres 47 centímos, de 1,53 a 2 euros o metro, se introduce por 8 euros a venda en uso público sempre que non sexan xestionadas polas Comisións de Festas, si se xestiona polas Comisións de Festas, cousa que agora non existe o cobran as Comisións de Festas, e todos sabemos aquí que hai Carmen que hai San Roque, que veñen os ecuatorianos, que se poñen, e non sabemos efectivamente de quen é esa actividade, si pasa algo quen responde, pois por primeira vez se regula eso, se o organizan as Comisións de Festas, evidentemente e a comisión de festas, incluso é a que cobra, e se queda do diñeiro, e o Concello que hai non pinta nada ten que ter seguridade xurídica, no que ela non fai, porque a seguinte batalla é contra a Sociedade Xeral de Autores, que aquí calquer Asociación ou calquer grupo de amigos fai un conerto, e a Sociedade Xeral de Autores lle pasa



a taxa ó Concello, eso hai que regulalo, a venda ambulante en camións tamén se introduce 10 euros, e logo os postos no Mercado Municipal que se deixan como estaban, posto con cámara frigorífica 23,42 euros ó mes, posto sen cámara frigorífica 19,51 euros ó mes, mesas de peixe 7,38 euros o mes, postos provisionais 0,78 euros ó día, estes son precios populares, pero polo menos xustifican as taxas que se viñan ingresando sen nengun respaldo de ordenanza fiscal, viña Benito co diñeiro o deixaba detrás do mostrador, como xustificamos ese ingreso municipal, tratase de dar seguridade xurídica á actividade, que se pode facer mellor, sen dúbida algunha, pero tamén se pode facer e non facer nada, con esta normativa polo menos damos un paso importante, nesta actividade que temos intención de cumprir, por eso a aprobamos porque temos intención de cumplila.

Rematado o debate sometese a votación a proposta de que quede sobre a Mesa e o Pleno da Corporación por 6 votos a favor 4 P.P. e 2 BNG, 5 votos en contra do PSdeG-PSOE, e 2 abstencións, 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, acorda deixar o asunto pendente e que pase a Comisión.

O Sr. Alcalde di que seguiremos sen regulación desta actividade porque efectivamente rechazase polo Pleno a regulación proposta.

**PUNTO NÚM. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, MERCADO E MERCADILLO, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓN SITUADOS EN TERREOS DA VÍA PÚBLICA, E POSTOS DE VENDA AMBULANTE.-**

Non se entra na discusión desta asunto da Orde do Día, ó non aprobarse o punto anterior.

**PUNTO NÚM. 6.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE COMPETENCIAS PARA A XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL.**

— O Sr. Alcalde manifestase que tratase de continuar coa política de que a Deputación preste un servizo loxicamente ós Concellos non eido da xestión administrativa, eso implica efectivamente a posta a disposición do Concello da tratamitación administrativa dos procedementos complexos, todos os procedementos, loxicamente de xestión, no eido das multas, no eido do IBI, xa esta loxicamente baixo dita delegación, e en consecuencia tratase tamén de delegar la Deputación de A Coruña a taxa polo aproveitamento especial do dominio publico local,.

Aberto un turno de intervencións, toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Manifestando que lle parece unha boa medida que a Deputación se fai cargo desto,.





O Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval manifesta que nos vamos a votar a favor.

Non habendo máis intervencións sometese a votación e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordó:

1º.- Delegar na Excma. Deputación Provincial a xestión, inspección e recadación en período voluntario e executivo das taxas pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais do solo, subsoló e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante dos veciños do termino municipal (o caso Xeral previsto no artigo 24c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que xa establece o tipo do 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal ditas empresas), coa inclusión do suposto especial da telefonía móbil ( que precisa da Ordenación propia e determinación de tarifas específicas) suxeitando dita delegación ao procedemento previsto nas Bases para a prestación dos Servizos Tributarios aos Concellos por parte da Excma. Deputación Provincial.

### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

#### **PUNTO NÚM. 7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

\_ Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Manifestando que lle chaman a atención dúas unha e a núm. 242/10 por unha obra de Cervás, que pasou hai, e un tema que levaba tempo por un derribo dunha casa.

O Sr. Alcalde, resposta que o tema é moi complicado, hai unha casa para a que se lle concede unha licenza para unha rehabilitación, e efectivamente executase o proxecto, e logo hai un veciño que discute se o executado correspondese coa licenza concedida ou non, eso problema entre veciños, deriva nos xuízos correspondentes, entón hai un veciño que di que o que se fixo non estaba amparado pola licenza, e o que fixo di que si, eso sigue un procedemento xudicial e gaña o veciño que di que esta mal executada a obra, entón hai unha sentenza convertese en firme e o Concello lle xiran desde o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a resolución instándonos ó derribo, entón é unha obra que un Tribunal di que non se axusta a licenza, e quen ten que repoñer a legalidade é o Concello, entón o Concello ten que executar a resolución xudicial, entón temos que derribar o que dí o Tribunal Superior de Xustiza que esta mal feito, entón para cumprir esa Resolución Xudicial a Alcaldía dicta esta Resolución para iniciar o procedemento, é un procedemento de trámite, entón en que





consiste, primeiro ten que tirar el, o veciño, segundo ten que tirar de acordo cun proxecto de demolición, que ten que aprobar o Xulgado, porque o xulgado ten que comprobar se este proxecto de demolición tira o que el manda tirar, entón esta resolución pide efectivamente a redacción dese proxecto de demolición para enviarlle o Tribunal Superior de Xustiza para que comprobe se ese proxecto de demolición se axusta a sentenza, e instar o veciño a que execute ese proxecto de demolición.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que estaba eu de Alcalde, isto xa foi no 2004, que pasou para que volva agora no 2010.

O Sr. Alcalde, resposta que houbo unha sentenza que quen a gañou non pediu a execución, e agora pediuna, despois de seis anos, isto é o que hai, o que me dicen por ahí e o digo con cautela non sei se é certo ou non, ata agora dixen o que eu entendo, o que eu oigo e que hai unha sentenza firme o que a insta non pide a execución, chega o verán pasado e o que a insta fai un garaxe e o veciño que ten a sentenza na súa contra o denuncia por facer o garaxe, entón ven aquí coa denuncia do garaxe enfadado e di vaise acordar de quen son eu, e entón pide a execución da Sentenza, eso é o que cando se denunciou polo garaxe sonou abaixo que veu o outro endenominado, agora eu non o vin, nin o oín nin o sei, eu non poño a man no lume que fora así, a min foi como se me contou. Entón agora o Concello vese obrigado a dictar esta resolución.

O Sr. Manuel Cendan di que hai outra resolución, que é unha cosa similar que a casa da rotonda, a número 243/10.

Resposta o Sr. Alcalde, que na 243/10, para unha situación cuíos orixines son moi similares, e un problema familiar, se denuncian recíprocamente os membros da familia, estes xuízos cando denuncia un veciño a outro, cando houbo obras con licenza municipal, sempre acaban examinado a licenza municipal, sempre acaban axaminando se deuse ben a licenza municipal, nestes dous casos temos contenciosos administrativos, efectivamente abertos sobre os feitos denunciados en ambos supostos, aquí o Concello que pinta, nada, o xuíz notificache unha resolución e senón a cumpres, te procesa por desacato, entón aquí o Concello somos meros cumpridores, da resolución xudicial, te chega unha resolución xudicial que di inste a isto, e o tes que facer, agora non implica que as partes podan entenderse, nada implica que un chame o outro e que intenten chegar a un acordo, eu si fora a miña casa, estaría intentando negociar.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di : Despois hai outra a 248/10 que é a adxudicación do tractor, que hai unha empresa que se presentou que nos leva ó Contencioso-Administrativo, en que se basa.

Resposta o Sr. Alcalde non o sei, cando se compra o tractor se fai un procedemento no que se fai unha baremación, hai un informe técnico, os técnicos fan un informe, gañou unha casa, e a que quedou de última vai a un contencioso, e non sei por vai ó contencioso, supoño que non



estar de acordo coa baremación, pero non é a segunda, a última que ten a catro por diante, é a que vai ó contencioso.

### **PUNTO NÚM. 8.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-**

#### **A) MOCIÓN DO BNG CONTRA DOS RECORTES SOCIAIS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2011.**

Dase conta da Mociión do BNG contra dos recortes sociais nos orzamentos da Xunta para 2011 do seguinte teor literal:

“Os orzamentos elaborados pola Xunta de Galiza para 2011 recortan drásticamente os recursos destinados as políticas sociais e, nomeadamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega ós Concellos.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender as persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP na Xunta de Galiza, por medio dos orzamentos vén conselar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recurso económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galiza (RISGA); as axudas de Emerxencia Social, O Servizo de Asistencia no Fogar e as destinadas ao financiamento dos Plan Concertado e de Servizos Sociais Comunitarios.

Ademáis o goberno do PP na Xunta, reduce até deixar en 1,7 millóns de euros a transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que este ano disponía de 4,1 millóns, eliminando así preto de 2,5 millóns de euros o que afecta fundamentalmente a centros de día e outros equipamentos sociais.

Afectan estes graves recortes sociais tamén aos fondos destinados para o desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inclusión Social. Só dedica 150.000 euros para atender as persoas sen fogar e deixa en pouco máis de 400.000 euros os fondos destinados aos concellos para o Plan de Atención a Comunidade Xitana.



Resulta tamén grave o feito de eliminar os fondos destinados aos concellos para programas de apoio as familias, onde desaparecen preto de 1,2 millóns de euros e tamén se eliminan os fondos destinados aos equipos de inclusión social das cidades de Galiza e o Consorcio das Mariñas, onde desaparecen, así mesmo preto de 1,2 millóns de euros.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego deben resolver que os orzamentos para 2011 aseguren os recursos necesarios para que os concellos segán ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos, e en concreto:

- Incrementar nunha porcentaxe mínima do 50% as partidas destinadas as rendas de integración social (RISGA), as axudas de emerxencia social e ao Servizo de Asistencia no Fogar.
- Dedicar, como mínimo, ao Plan Concertado e ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios, as cantidades consignadas nos orzamentos de 2009 (20 millóns de euros e 10 millóns de euros respectivamente).
- Dedicar unha partida de 5 millóns de euros ao desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inserción Social a través das oficinas de I+B dependentes do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Dedicar, como mínimo, 1 millón de euros á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana.
- Dedicar unha partida mínima de 500.000 euros ao Programa de Atención a Persoas sen Fogar.
- Restablecer e incrementar nunha porcentaxe como mínimo do 20%, respecto ao consignado nos orzamentos de 2010, os fondos destinados aos concellos para apoio as familias e aos convenios para os equipos de inclusión social das sete cidades e do Consorcio das Mariñas.

E finalmente os concellos galegos deben, consecuentemente, comprometerse a manter e respectar sen recorte algún, de cara aos orzamentos de 2011, os investimentos en servizos sociais previstos nos orzamentos de 2009 ou 2010, segundo o último orzamento aprobado.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación de Ares a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

- 1. Instar á Xunta de Galiza e ao Parlamento Galego a que, os orzamentos para 2011, aseguren os recursos necesarios para que os concellos poidan ofrecer á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda e necesita, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos. Cncretamente, os recursos destinados ás rendas de integración social, axudas de emerxencia social, servizo de axuda no fogar,**



**plan concertado e programa de servizos sociais; desenvolvemento do plan galego de inserción social, atención a comunidade xitana, a persoas sen fogar, apoio as familias e aos equipos de inclusión social.**

- 2. Instar ao goberno local a que manteña e respecte sen recorte algún os investimentos en servizos sociais previstos no último orzamento aprobado.”**

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, aínda que esta moción está presentada con data 9 de decembro, se falaba dun escenario no que os orzamentos galegos estaban pendentes de aprobar, cousa que a día de hoxe non acontece, porque xa recibiron o último paraben e polo tanto fican definitivamente aprobados, nos vamos a manter a proposta porque en todo caso é evidente que no debate parlamentario non se atenderon as emendas, as propostas, que na liña do espírito que leva a Moción presentou o noso grupo e tamen o outro grupo da oposición, bueno tratase aquí en definitiva de sustanciar dous acordos dirixidos a Xunta de Galicia e tamén un acordó que compromete ó propio Concello, porque nos pensamos que está ben pedirlle as administracións, que teñan corresponsabilidade en determinado tipo de competencias, pero tamén os Concellos neste caso temos que predicar co exemplo como dí o refrán, a nosa percepción constatada xa coa aprobación das contas Galegas para o vindeiro ano evidencian que no aspecto de Servizos Sociais, se esta vendo un tremendo recorte a respecto do orzamentos que se manexaban o pasado ano, que vai a afectar a algo que nos efectivamente queremos poñer enriba da Mesa que e, que en tempos de situación económica complexa, en tempos de crise onde hai familias que o pasan mal, e onde desgraciadamente o camiño que se está vendo non é precisamente para votar foguetes, e polo tanto desgraciadamente teremos moitas familias que seguirán a pasalo mal, nos pensamos efectivamente que a defensa dos servizos sociais básicos para nos é fundamental e dicir, se hai unha familia que o pasa mal, se hai xente que o pasa mal, que se manteña toda esa rede de servizos sociais, que a xente con recursos escasos, a nivel económico ou con algún problema de mobilidade, a posibilidade que nestes tempos de crise, poder contar con toda a rede galega de servizos sociais é fundamental, como decía efectivamente nada máis e nada menos, por exemplo nas transferencias que fai a Xunta de Galicia ó Consorcio Galego de Servizos Sociais se produciu un recorte entre o ano que remata agora 2010, e o que vai orzamentado para 2011 se produce un recorte de cinco millóns de euros, isto está afectando a moísimos programas que van a ficar conxelados, que son a famosa RISGA as axudas de Emerxencia Social, o Servizo de Axuda ó Fogar, etc. Etc., e non estamos falando aquí dunha Moción que ó final queira meter unha pulla contra un goberno Galego noutra situación, estamos falando de decisións políticas que lle afectan a mulleres e a homes de Ares, eu creo que nos na última reunión que tivemos da Comisión de Facenda pois se fixo fincape no problema que se nos está xenerando co



problema de adiantarlle o diñeiro á empresa que esta facendo o servizo de axuda a domicilio, e dos escasos recursos que ademáis fican conxelados e ademáis se pagan, con moitísima tardanza por parte da Xunta de Galicia, incluso foi bastante evidente que chegamos todas e todos na propia Comisión de que se non hai medidas de tipo político que o solventen, nos vamos a ver a avogados nunha situación a moi corto prazo a que esto faga crak. Bueno que é o que se trata aquí, pois naturalmente, a Moción xa estaba presentada cando os orzamentos estaban a debate, pero vamos a seguila mantendo porque non se fixo esa modificación, e trátase de sustancia isto en dous acordos, e da Corporación interesada, loxicamente, de que a Xunta de Galicia, que é a que debe de manter e de cumprir, en función do que está definido nas Leis, das que se dotou no seu momento o propio Parlamento Galego, debe de manter esa rede básica de Servizos Sociais, enton polo tanto o primeiro acordó é que se inste á Xunta de Galicia para que nos orzamentos do 2011, se aseguren os recursos necesarios para que os Concellos poidan ofrecer a sociedade os servizos os que antes me referin, se fala do tema de RISGA, Emerxencia Social etc. En segundo lugar tamén que para nos é importante e ademáis neste caso aínda estamos a tempo porque non están os orzamentos aínda aprobados da Corporación Municipal para o vindeiro ano, instar o Goberno Local a que manteña e respete sen recorte algún, os investimentos a servizos sociais previstos no último orzamento aprobado, e dicir, creo que é importante nos tamén cando lle esixamos á Xunta que poñamos algo da nosa parte, pero indubablemente toda esa rede de programas que se foi articulando nos últimos anos de prestación de Servizos Sociais se manteña e que se garanta que cumpla a súa función a rede de servizos sociais como é que efectivamente que as persoas máis necesitadas naturalmente nestes tempos de maiores problemas a nivel económico e tamén a nivel social, non a teñan que padecer aínda por riba desa situación, nese sentido pouco máis hai que dicir agás pedirlle o apoio ó conxunto dos grupos, ademáis as propostas non son críticas a nivel partidista, senón que creo que se está pedindo algo que me parece a mín que como representantes desta Comunidade de 5000 habitantes, non so estamos no dereito senón que tamén diría eu no deber.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, dicir que seamos realistas, vamos con esa cordialidade que o voceiro do BNG estivo argumentando se vamos a ser realistas e vamos a ser coherentes, dicir que a Xunta de Galicia se veu reducida polos recortes do Goberno do Estado en 1177 millóns de euros, debido a fundamentalmente a imposición dun novo límite para o endebedamento a redución de fondos finalistas do Estado, a redución de entregas a conta, dicir que a Xunta reduceu o presuposto nun 10,8 por cento, e dicir que precisamente neste ano, no ano 2010 a Xunta do PP esta a investir en temas sociais o 75% do presuposto, foi a primeira vez na historia, vendo a situación que se está pasando de crise, con respecto ós recortes dicir que vamos a presentar despois unha moción pola vía de urxencia que



é o tema dos 426 euros, a conxelación das pensións, a redución que aplica o Estado no 2011 á Lei de Dependencia do 17%, que o Goberno da Xunta a incrementa nun 3%, a Lei de Dependencia que o Estado ten a obriga de dar o 50%, e a Xunta está facendose cargo co 75% da Lei de Dependencia como lle pasa os Concellos, e que xa houbo este debate no Concello, que a Lei de Dependencia trae a quebra ó Concello, e a moitos máis a Xunta de Galicia pasalle ó mesmo, o Goberno do Estado pasa o 25% e a Xunta ten que facerse cargo do 75%. O Goberno Central reduce nun 12% a achega que fai ós Concellos a través do Plan Concertado, mentres que a Xunta o mantén, se elimina o cheque bebe de 2.500 euros, e o tema do RISGA, dicir que o RISGA se mantén, e as axudas con respecto ó ano pasado 2009 se incrementan en 600.000 euros. No Plan Concertado as aportacións máis elevadas as fai a Xunta, cando antes as facía o goberno Central, se o comparamos coas axudas, do Plan Concertado con respecto do ano 2007 do anterior goberno estamos falando dun 50% máis, dicir que no ano 2005 por exemplo a aportación de Galicia ó Plan concertado era de 11.762.000 Euros, e o Estado 7.595.000 euros, no 2010 a aportación de Galicia e de 15.000.000 e do Estado é de 8.000.000, quere dicir que desde o ano 2005 se duplica a cantidade, e que non se reduce nada. Dicir que se manifesta tamén na Moción que se reduce o Plan Concertado, eso non é certo, o único que se quita, e o do persoal, que por Lei a todos os funcionarios se lles reduce un 5% a súa masa salarial por un Decreto do Goberno, pero non que o Plan Concertado baixara porque non é certo, se baixa o 5% da masa salarial do persoal funcionario. Con respecto ó Plan de apoio as familias, dicir que non desaparecen 1,2 millóns de euros, que eso vai incluído xa desde o ano pasado no Plan Concertado. E con respecto o desenvolvemento xitano, dicir que tampouco é certo este dato, porque no ano 2004, a aportación de Galicia eran 166000 euros, e a aportación do Estado daquela cando estaba o Goberno do P.P. era 14000., no ano 2010 a aportación do Estado son 74000 euros, e a aportación da Xunta do 725.811 euros esa é a realidade é dicir que o goberno foi minorando a aportación do Estado a a Xunta foi incrementando, non se minoraran nada foi en aumento, estos son os datos reais, a situación económica que estamos a pasar é a que é, que a Xunta non minorou nada en ningunha partida, esta todo ben collido a Xente non vai a quedar desamparada, e o que sí é certo é que a situación do Estado e a que é, e as medidas do Goberno están levando as Comunidades Autonomas a unha situación de recortes, pero a Xunta de Galicia este ano o 75% do gasto vai dedicado a Servizos Sociais. Nos a esta Moción presentamos unha engadega e sería transaccional, a votaríamos e sería “Instar a Xunta de Galicia que continue preservando as prestacións e servizos sociais básicos, para a cidadanía entre eles que manteña o seu investimento no Plan Concertado e que incremente as dotacións destinadas a RISGA e Axudas por Emerxencia Social” e o segundo “Instar o Goberno do Estado a que rectifique nas súas políticas antisociais recollidas nos orzamentos xerais do Estado de 2011 e en particular no caso de Galicia incremente as súas aportacións ó Plan Concertado e que financie na porcentaxe legal



do 50% as súas obrigas derivadas da Lei de Dependencia” creo que eso é fundamental porque está repercutindo, nos Concellos e con eso non se verían os Concellos tan afogados, con esas dos engadegas nos votariamos a Moción.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu sen querer entrar no fondo da cuestión nin en guerras de cifras, nin coa intención de responsabilizar a unha Administración máis que a outra, simplemente o sentido común me di, e ademáis despois de escoitar o Voceiro do BNG, que o punto 1 non ten sentido, despois de escoitar a outra proposta que vai dirixida ó Estado Español cando estes orzamentos están aprobados tamén practicamente, polo tanto eu creo que aquí son feitos consumados o punto primeiro caese por si so, independentemente de que poidamos facer aquí unha declaración de tipo reivindicativa, pero eu creo que as cifras están ahí, eu estou falando desde o punto de vista do debate que houbo antes da aprobación dos orzamentos, e as exposicións son contradictorias porque o que se di aquí na Moción por parte do BNG, co que dice o Presidente da Xunta non ten nada que ver, a que se di que se esta a recortar en alguns aspectos por riba do 20%, e o Presidente da Xunta afirma que en canto á política de Servicios Sociais de cada 4 euros de Inversión a Xunta está a invertir 3, e ademáis que a redución en todas as Consellerías que afectan a Servicios Sociais, e a prestacións Sociais rebaixase un 5,5 e ademáis eso parece que son datos contrastados, polo tanto eu creo que sen entrar neste tipo de enfrontamentos e si nos acollemos ó que se propón na Moción, eu creo que o primeiro se punto se cae por si so, e despois acordar “Instar o Goberno Local a que manteña o mesmo, e ademáis esta na redacción dos orzamentos, polo que parece, e están sen aprobación, que se manteñan tal cual están as partidas dedicadas á prestación social, e en definitiva a todo o que conleve, protección social neste Concello”, polo tanto agora reivindicar aquí podemos facer o que queiramos engadir transacionais, pero á hora de efectivizar esto, non vai a ter ningún valor, únicamente o valor que nos queramos darlle, que sexa testimonial e reivindicativo xa digo, e facer o que creo convinte que non podía ser doutra maneira o Pleno da Corporación,pero creo sensatamente que o primeiro punto se cae, non sei se o vai seguir aguantando na proposta ou se decide retiralo, noso voto sería favorable se decide retiralo, senón a nosa posición vai a ser de abstención.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que o punto 2 do acordo insta ó Goberno Local a que manteña e respete sen recorte algún, os investimentos en servicios sociais, previstos no último orzamento aprobado, no noso Concello o gasto de Servicios Sociais efectivamente é un gasto difícil de soportar, son entre 25.000 e 30.000 euros ó mes, o que supón un máximo de 360.000 que é imposible manter, coa estrutura de axuda a domicilio que neste momento temos, enton está claro que a intención do Concello é que a Axuda a Domicilio converxa con Dependencia, nos nestes momentos





temos unha estrutura a converxer loxicamente con Dependencia, senón é insostible o gasto, de 360.000 euros que xenera a Dependencia ó Concello de Ares, a Xunta so ingresa 173.000 euros, as contas non dan e o orzamento baixa un 10%, entonces sendo honestos e estando de acordó coa alma da Moción, a nos preocupanos o Gasto Social pero o que máis nos preocupa e quen ten que soportalo son arcas municipais, o Concello ten que poñer o seu grano, pero de 173.000 euros ata 360.000 son moitos granos os que pon o Concello, entonces se nestes momentos a Xunta de Galicia non garantiza o aumento dos ingresos por dependencia, evidentemente o espírito da Moción é moito mas amplo do que estamos a falar, pero digo que efectivamente estando a favor do espírito da Moción, “instar o goberno Local a que manteña e respete sen recorte algún os investimentos en Servicios Sociais previstos no último orzamento aprobado,” podemos votar a favor pero cando baixen os orzamentos, o ámbito de decisión ven limitado polos recursos de ingresos, e a partir de ahí tes que optimizar o gasto, como se optima o gasto, esta claro que a Axuda a Domicilio, ten que converxer con Dependencia, para racionalizar o gasto, pero tamen non nos olvidemos para reduci-lo tamén, eso é desviar coste á Dependencia, porque consideramos máis importante que un dependente sexa atendido que unha persoa que non é Dependente, poda ter unha hora diaria para que efectivamente lle fagan a cociña ou lle amañen o baño. Entonces manter sen recorte algún os investimentos en Servicios Sociais, pois efectivamente aínda que é a nosa intención, dificilmente podemos votar a favor, da algo que tal e como están as contas, efectivamente sabemos que practicamente é imposible.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Gobernar e priorizar e tomar decisións, así de claro, que os orzamentos de algúns Concellos, eu sei de dous, de esta Comarca que baixaron o montante de orzamentos en bastante diñeiro e subiron o montante en gastos de Servicios Sociais, e unha decisión política, priorizar e entonces se prescindir de outras cousas, se pon as que se pode prescindir e se pon as que son prioritarias, indudablemente a Moción ten dous acordos que, teñen por suposto o valor tran o primeiro como o segundo que neste caso o primeiro volvo a leelo “Instar a Xunta de Galicia a que nos orzamentos do 2011 aseguren os recursos necesarios,” a miña pregunta é se estamos de acordó en pedirlle a Xunta a que no 2011 asegure os recursos necesarios para manter os servicios que temos, ese é o debate que hai aquí, porque efectivamente eu podo dicir que nos orzamentos figuran cantidades que eu entendo que rebaixan a cantidade que había o ano pasado, pero tamen é certo que si todos os concellos están na Situación que está o de Ares, e plantexamos á Xunta de Galicia que esto vai a facer crak, a Xunta de Galicia terá que tomar unha decisión política no primeiro trimestre ou no segundo trimestre de inxectar máis diñeiro para servicios sociais para que cando menos se manteña o nivel do ano pasado, eso vai a ser así, e eso de que vai a depender, de que os Concellos lle



digamos esto, según a Lei vostedes teñen estas competencias, e en tempos de crise non se poden baixar o investimento en servizos sociais, eso é unha decisión política, e de onde o quito, pois a Xunta saberá, os cinco millóns que deixou de pasarlle ó consorcio de Servizos Sociais, pois lle sobra un, senón gastara o que gastou no mes de outubro nun día so, gastou seis millóns, pois con cinco xa lle daba para isto, todos sabemos en que se gastaron non e cuestión de lembrar as custións terrenais e divinas, e unha decisión política, a mín o que si me parece importante, e que os Concellos non pasemos destas cousas, porque temos o problema nos, e dicir eu creo que aquí estamos coincidindo nunha cuestión, e se dixeron as cifras, o que nos da a Xunta non soporta nin o 50% do montante que temos, enton temos un problema, e agora vou a contestas o que dí o voceiro do partido popular, sino que di vostede das críticas ó goberno Central seguramente coincidimos, pero non estamos falando deso, estamos falando de que nos lle pidamos a quen ten a competencia, nestes programas e quen ten a competencia o diñeiro, lle pode vir do Banco Central, da lotería ou do Goberno Central, pero en todo caso a competencia a ten a Xunta de Galicia, o que estamos dicindo nos e Xunta de Galicia non rebaixen vostedes que estamos en situación de crise, e despois a fio seguido podemos pedir o que vostede di, pero indudablemente eso é unha iniciativa de carácter parlamentaria, que é mais non cree que haxa que facer creo que xa se fixo, no propio Parlamento Galego de denunciar a cicatería que ten o Estado, con este tipo de comportamentos, pensese que si se dice a Xunta eu teño que rebaixar porque o Estado non me da, e os Concellos din que teñen que rebaixar por que a Xunta non lle da, o final os cidadáns quedan sen servizos sociais. Nos antes de eso lle vamos a pedir a quen ten que exercer a competencia, que a exerza que poña o diñeiro e que governe, e que marque prioridades, e por eso, figura o segundo punto, sigo decindo en algún concellos co presuposto baixado máis dun 10% se sebeu casi un 15%, en servizos sociais, se quere lles digo en cal e lles dou as cifras, San Sadurniño cos orzamentos aprobados o outro día cos votos a favor do goberno do BNG e do PSOE, eu teño cotexadas as cifras do que se gastou no 2010 e o que se vai a gastar no 2011, e subiron casi un 15%, con máis programas, seguramente renunciando a outras cousas, e o coincido no que dixo o SR. Alcalde no sentido en que efectivamente nos o que non podemos seguir arrastrando é un incumprimento, non é unha crítica partidista, e que esto fai crak, esto salta polos aires, unha cifra de vinte pico de mil ou trinta mil euros ó mes, eso non hai administración que o ature, e un goberno que non paga, que non sabemos si vai a pagar, eso non pode ser, enton algún sistema, habera que establecer para que esto, se lle de cumprimento, porque non se pode facer unha lei e despois non ter os instrumentos económicos para desenvolve-la que é o que esta pasando, e dicir, todos aplaudimos coa Lei de Dependencia, e hoxe me contaba unha rapaza que leva esperando desde o ano 2008 a que lle concedan a dependencia cunha señora que ten 93 ou 94 anos, temos eses problemas e non é unha crítica política, eso lle pode pasar a calquera goberno, pero nos o que estamos



dicindo e que o problema gordo se nos está crando a nos, cando vexo esas facturas que se pasan pola Comisión de Facenda, e veso 3 meses de 30.000 euros, son 90.000 euros carai, e a parte correspondente da Xunta que xa non nos chega, se está pagando, “tampouco”, entonces a nos eso nos crea un problema se trata e volvo a repetir, hai que facer unha lectura de responsabilidade política, eu creo que hai que instar á Xunta para que asegure os recursos necesarios, a Xunta ten que saber, e non vale sair facendo roldas de prensa, non e unha crítica de cifras e a puñetera realidade, e a puñetera realidade é a que esta pasando no noso Concello, a miña pregunta é como nos temos o problema que nos deriva da Xunta, e a Xunta lle deriva do Goberno Central, nos que facemos o ano que ven, esa é a miña pregunta, nos vamos a ter unha aptitude política de que quen ten que exercer a competencia se preocupe diante do Estado ou de quen sexa, ou tomando unha decisión política que priorice o que sexa prioritario en tempos de crise que o faga, loxicamente nese sentido eu creo que poñer, que se inste o goberno local a que manteña e respete sen recorte algún os investimentos, eu penso que é unha posición de sentido común, e tamén de valentía política, e dicir cando vaíamos a pedir a Xunta reclamandolles que nos recortan un 10%, que nos digan que nos tamen recortamos un 20%, entonces perdóneseme a expresión “la cagamos”, non vamos a ningunha parte así, nos temos que dar exemplo, que a Xunta que ten a competencia, que a través da vía que sexa, que reclame do Estado ou de quen sexa solucións e sobre todo que marque prioridades, porque claro eu vexo cousas que van nos orzamentos que son prescindibles, porque si estamos nun Estado no que a Educación obrigatoria está garantida, haberá que preguntarse porque se favore, os convenios con os colexios de tipo privado con tanto diñeiro, vamos a ese debate, pois uns pensaran que hai que mantelos e outros pensaremos que non hai que mantelos, vostede si quere estudar ten aquí unha rede gratuita, e se quere estudar nunha rede privada o paga, porque, porque hai esta señora que ten 90 anos que non se pode mover, ese é o debate que temos, eu sei que eso é moi complicado, agora non pensemos que non vai con nos, para min sería tremendo, que despois o final nun momento no que parece ser efectivamente que a situación que temos aquí no noso Concello, que practicamente temos o servizo colapsado con xente que esta agardando no servizo de Axuda a Domicilio, temos desgraciadamente moitísimas e moitísimos demandantes, que vamos a facer a eso, decirlles que o ano pasado, onde metimos 700.000 euros, este ano metemos 500.000 euros porque Santiago non nos da e a Santiago non lle da Madrid, a xente quere vivir, eu creo que hai un sistema, e hai que poñelo a funcionar, e unha responsabilidade todo o mundo, creo que os acordos que se piden non é unha crítica política acida nin nada, simplemente penso que un acto de responsabilidade, o mellor se pode dicir de outra maneira pero creo que máis claro non se pode dicir, e por suposto non vamos a admitir a emenda que presenta o Partido Popular, porque é tema doutro debate e un debate que seguramente será moito máis amplo, que son outros recortes que está facendo o Estado, e ese debate teremos que



dalo, pero eu creo que meter nun tema específico e inmediato, como son os orzamentos da Xunta, que van a entrar en vigor, meter isto co tema do Estado, eu penso que é difuminar responsabilidades para dicir que é culpa de todos, e que se fastien sempre os mesmos, tampouco e a solución, entón mantemos a proposta tal e como a temos.

Interven o voceito do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que a Lei de Dependencia foi aprobada polo Goberno Central e lle pasou o tomate as Comunidades Autonomas, e o final a pagan os Concellos, esta é a historia, que está pasando aquí, o Plan Concertado, e un Plan que é Estado e Comunidade Autonomas, a Comunidade Autonomas pon unha cantidade e o Estado pon outra, o Estado reduce este ano o 17% e incumpre o 50% por cento que ten que pagar, e por riba reduce o 17% este ano con respecto o ano pasado, entonces que pasa a Xunta incremento Plan Concertado na aportación da Xunta, o incrementa un 3%, non reduce o incrementa, o que baixa e o Estado e o final o paga o Concello e o Cidadan, e xa o primeiro ano que aprobou a lei de dependencia aprobou a Lei, pero sen contía económica para nada, hai estivo a Lei, empezou a funcionar e empezou a pagarse o ano pasado a Lei de Dependencia en Galicia, con bastantes problemas porque non había contías económicas para facer e houbo que quitarlas de outras partidas, dicir que este ano por primeira vez a Xunta de Galicia, leva trinta e pico anos funcionando e o primer presuposto Social con 75% que vai para gasto social, o RISGA se incrementa este ano 600.000 euros con respecto do ano pasado, o tema dos xitanos mantense igual, cando o Estado daba douscentos e pico mil euros cando agora da 74.000, eu creo que é exactamente igual que o Concello, o Concello agora nos próximos presupostos ten que reducir o presuposto, porque a aportación do Estado non ven, e hai que reducir como todos os Concellos un 10 un 11 ou 15 o que sexa, e a Xunta bastante sacrificio está facendo, un ano de crise o 75% do seu gasto vai destinado a Servizos Sociais, e hai que facer as cousas como son, o problema da Lei de Dependencia é porque o Estado non cumpre, o Estado cumpre co 50% e non hai ningún problema, porque estamos falando do dobre da cantidade que nos corresponde, dixo o Alcalde fai un momento que estamos falando de 300.000 euros, se nos veñen 174.000 estamos nas cantidades aproximadas, se o goberno cumprira coa Lei de Dependencia o concello non tería estes problemas, pero cada administración ten que cumprir co que hai, se gastaron o diñeiro noutras cousas e o final hai que recortar e o paga o cidadan, os 426 euros que nos vamos a presentar unha Moción pola vía de urxencia eso é lamentable, para a xente máis desfavorecida quitarle esa, non se poderá recortar de outro lado, eso é o que temos que ver e a realidade e esa, aquí nestes Convenios tanto no RISGA como no Plan Concertado e o Estado e a Xunta, non soamente a Xunta, a Xunta ten uns ingresos e aposta e decide, e esta apostando e metendo diñeiro doutras Consellerías e baixando o 30 ou 40% do Gasto doutras Consellerías para meter en gasto social, e precisamente



este ano e a primeira vez que a Xunta leva uns presuposto que o 75% e para gasto social, creo que eso hai que valóralo e hai que primalo, nas próximas datas cando vaíamos a debater o orzamento municipal e vexamos que merma polas aportacións do Estado, porque é directamente o Estado, cando vexamos a merma que vai a ter o Estado nos temos que mermar, a ver como vamos a manter os servizos, a ver como vamos a manter o gasto corrente, e como se vai a manter o capitulo do persoal, eso o vamos a ter nos no futuro polo mesmo que está pasando na Xunta, e vamos a ter que priorizar cousas e algunhas habera que recortalas.

Rematado o debate sometese a votación a Emenda que presenta o Partido Popular, e o Pleno da Corporación, por 4 votos a favor (4 P.P.), 5 votos en contra do PSdeG PSOE, e 4 abstencións (2 BNG, 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) acorda rexeitar a emenda do Partido Popular.

Acto seguido sometese a votación a Moción do BNG, e o Pleno da Corproación por 8 votos a favor (2 BNG, 5 PSdeG-PSOE e 1 Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarría Lage), e 5 abstencións ( 4 P.P. e 1 NAL), acorda prestarlle a súa aprobación e en consencuencia adoptar o seguinte acordó:

- 1. Instar á Xunta de Galiza e ao Parlamento Galego a que, os orzamentos para 2011, aseguren os recursos necesarios para que os concellos poidan ofrecer á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda e necesita, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos. Cncretamente, os recursos destinados ás rendas de integración social, axudas de emerxencia social, servizo de axuda no fogar, plan concertado e programa de servizos sociais; desenvolvemento do plan galego de inserción social, atención a comunidade xitana, a persoas sen fogar, apoio as familias e aos equipos de inclusión social.**
- 2. Instar ao goberno local a que manteña e respecte sen recorte algún os investimentos en servizos sociais previstos no último orzamento aprobado.”**

**B) MOCIÓN DO BNG RELATIVA A DENOMINACIÓN DE RÚAS OU LUGARES PERTENECENTES AO CONCELLO DE ARES.**

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

**Exposición de motivos:**



Resulta preciso suliñar a importancia que ten a recuperación e mantemento das denominacións tradicionais dos lugares, prazas ou viais; como garante dunha parte fundamental da nosa historia e do seu coñecimento polas xeracións actuais e tamén das vindeiras; e por iso diversas entidades e institucións están a traballar desde hai tempo nesa liña. Por exemplo, a Universidade d'A Coruña, que o pasado ano preentaba unha obra –que levou máis de vinte anos de investigación –na que se recuperaron os topónimos do val de Elviña, n acida d'A Coruña, e que o escritor Manuel Rivas cualificaba no acto de presentación como “o manuscrito da terra”.

Porén, nos últimos tempos están a rexistrarse no noso concello importantes modificacións no nomenclátor, que afectan nuns casos a viais que non tiñan denominación e, noutros moitos, a outros que tradicionalmente tiñan denominacións que responden a tradición, e maioritariamente, tiña a ver con costumes, oficios ou actividades.

Sen entrar en profundidade na idoneidade das denominacións acordadas nomeadamente, no caso das que están identificadas con persoas concretas –o certo é que o procedemento levado a cabo por parte do grupo de goberno dificilmente pasa os mínimos nen no tocante a aspectos de carácter histórico ou científico; nen mesmo no referente ao aval democrático que lle outorgaría un acordó plenario que, na maioría dos casos, non se ten producido; xa que os acordos foran adoptados pola Xunta Municipal de Goberno.

Entendemos, xa que logo, que procede establecer outro procedemento no tocante á asignación de nomes a lugares ou vías do noso concello; polo que propomos ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

**1.- O concello promoverá a recuperación das denominacións tradicionais dos lugares u, caso de non existiren, de aquelas que teñan a ver con tradicións, actividades ou persoas relacionadas co lugar.**

**2.- No tocante a asignación de nomes a lugares ou viais do concello, o acordó corresponderá ao Pleno da Corporación, previo debate de informe da Xunta de Voceiros, que achegará se é o caso, os informes que xustifiquen a proposta.”**

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Nos traemos este tema a Pleno por unha razón fundamental como creo que se percibe na simple lectura da corta Moción, corta e o mesmo tempo clara, porque naturalmente estamos en desacordo coa forma en que se está facendo esta actuación este proceso de designación de determinado tipo de rúas e prazas, etc.etc., pero tamén indudablemente porque estamos en desacordo con o propio fondo que se esta a utilizar para este procedemento, eu creo que o pensamos nos mellor dito desde o BNG





que a denominación das rúas dos lugares das Prazas, debe de responder a un criterio que parta da defensa do que son valores colectivos, indudablemente na maioría dos casos loxicamente, estamos falando da denominación dun lugar onde vivimos todos e todas, que teñan que ver efectivamente con circunstancias históricas, con circunstancias culturais, con cuestións antropoloxicas etc., como indudablemente está pasando incluso en todos os países modernos non. E curioso como despois dunha fase onde era pouco menos que imposible darlle denominacións as rúas que non estiveran marcadas pois por un reximen político determinado, e curioso e ademáis positivo neste aspecto resaltar que moitos concellos estén facendo esforzos, incluso a veces tamén a nivel económico pero fundamentalmente esforzos de carácter científico de estudos e históricos, en recuperar a denominación de aqueles lugares que tiñan as tradicionais eiras, ou os lugares onde se vía a xente, as formas de convivencia que se foron perdendo pero en todo caso forman parte da nosa historia, indudablemente o futuro se constrúe sempre desde o pasado, non hai vota que darlle, todo o mundo sabe que as sociedades máis avanzadas do mundo son aquelas que se construíron desde o respecto e ademáis desde o coñecemento do seu pasado, indudablemente se así non se fai en moitos casos xa o dí o propio refrán, que as sociedades que enterran o seu pasado, están en algúns aspectos e nos aspectos máis negativos, moitas veces condenados a repetilo, o futuro de Ares non se entendería por suposto sin todo o que foron as actividades económicas as actividades culturais a entrada dos fomentadores etc., etc., incluso as de moita persoas as de moitas actividades que xiraron entorno a eso, creo que esta na nosa mente efectivamente que Ares está conformado por todo unha parte que ten moitísimo que ven con todo eso, e ademáis detrás cada lugar, detrás de cada denominación sempre hai unha historia unha vivencia, hai cuestións de carácter colectivas, e cando se perde isto nos pensamos que se perde unha parte da nosa historia, dito toda esta introducción, nos no caso concreto que estamos a falar, creemos que xa incluso na anterior Corporación, houbo unha decisión que foi no seu momento a Pleno, que nos discrepamos, eu non me acordó concretamente do que dixo o noso grupo político, pero en todo caso me acordo do trasfondo que era precisamente o mesmo que estou a prantexar hoxe aquí en nome da miña organización, que e que se ponderen e que fundamentalmente se teñan en conta esas circunstancias á hora de denominacións, partir de denominacións históricas de lugares, de actividades, etc.etc. Indudablemente o nomenclátor ou os cambios que se están facendo, na denominación de determinado tipo de ruas, no nos Concello, están como é público e notorio están adoeendo desa falta de sensibilidade, sobre o que foron as denominacións históricas, esas as que eu me estaba a referir antes, e ademais desde o punto de vista democrático pois efectivamente tamén adoeen dunha visión naturalmente eu diría presidencialista nese sentido non, eu incluso pensaba que a última das denominacións que se fixera por acordó da Xunta de Goberno e nin siquiera foi así, se fixo por unha Resolución da Alcaldía, eu non dubido que legalmente se poida facer, non estamos discutindo aquí se o Alcalde por unha Resolución lle poda poñer un nome a a unha rúa, nos o que estamos a falar é doutra cousa diferente, é se nesta pequena familia, que queremos que sexa o noso Concello os debates as denominacións





teñen que ir precedidas primeiro dun debate dun coñecemento, dentro dun maior consenso posible dentro da Corporación, e sobre todo dunha decisión que corresponda ó máximo órgano da Corporación, que tamen lle dá unha importancia e unha contundencia que indudablemente eu no digo que non a teña desde o punto de vista legal se o fai o Alcalde óu a Xunta de Goberno, pero non é igual, entón neste sentido, a nosa proposta concreta leva dous acordos que xira entorno a como nos pensamos que se debe de facer este procedemento de cara ó futuro non, os acordos son os que veñen hai recollidos que parten da filosofía que antes reflexei, que son:

**1.- O concello promoverá a recuperación das denominacións tradicionais dos lugares u, caso de non existiren, de aquelas que teñan a ver con tradicións, actividades ou persoas relacionadas co lugar.**

**2.- No tocante a asignación de nomes a lugares ou viais do concello, o acordó corresponderá ao Pleno da Corporación, previo debate de informe da Xunta de Voceiros, que achegará se é o caso, os informes que xustifiquen a proposta.**

Creemos que é unha proposta aberta, unha proposta participativa, que pensamos que preserva que as Corporacións, non se movan con decisión específicas, en cada momento, ten que haber unha vontade de pervivencia, e despois insisto no gran favor que lle facemos cada vez que nos recuperamos ou mantemos unha denominación tradicional que tuvo unha rúa, porque estamos permitindo que exista unha páxina da nosa historia, cada vez que borramos eso desaparece unha paxina da nosa historia, porque seguramente dentro de cinco ou dez anos as nenas e nenos que nazen nunca escoitaran que hai denominacións de rúas que tiñan esa denominación e que tiñan que ver cunha parte da historia que desgracidamente incluso no noso caso aínda non a temos toda por escrito para que poidamos, contemplala e poidamos colectivizala entre todas e todos, en calquera caso esa é a parte da historia que nos pensamos que debe de escribir o Pleno desta Corporación, e por eso facemos esta proposta ó Pleno.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, os nomes que esta Corporación, que o grupo de Goberno ou ben a Alcaldía por Resolución esta designando, a algúns sitios, ruas, viais, efectivamente se ampara na Lei de Bases de Réxime Local, vostede ben dixo que non discute a legalidade, porque efectivamente é legal, a competencia é da Alcaldía, a Alcaldía a exerce sempre máis ou menos en relación a unha instancia loxicamente de parte, por exemplo Travesía da Capilla do Carmen, ven Titin aquí, di acabo de edificar abreuse unha rúa non me dan de alta o boletín de Fenosa se non teño número, e non me dan número se non teño nome de rua, comunica a Rúa María coa Rúa Real a altura da Capilla do Carme, pois travesía da Capilla do Carmen, outra cousa non te das conta no momento, que debate vas a facer se non lle dan de alta o boletín de Fenosa, lle das efectivamente a Resolución porque quere levala para ir a FENOSA. Marinada construe no bello campo de fútbol, e por certo necesita tamén os boletíns de Fenosa, porque senón nin siquera hai os sumistros para a licencia de primeira ocupación, que hai que efectivamente poñerlle un nome pois Praza do Numancia, no primeiro que pensas é no que



ten relación loxicamente ó lugar, agora se esta rehabilitando un pozo medieval na rúa María, se esta facendo unha plazoleta, pois hai que poñerlle nome á plazoleta, porque efectivamente o proxecto vai con cargo a Fondos FEDER, e é precisamente para entornos urbanos de prazas ou plazoletas, rúa María non é plazoleta, pois hai que poñerlle Praza do Pozo, por certo todo o mundo lle chama desde sempre Praza do Pozo, Prados Vello é un lugar sen dúbida algunha e tradicional, o recheo é un lugar e seguramente con historia, ten a súa razón de ser, pero que Recheo deixa de chamarse Recheo para chamarse Parque Rosalía de Castro, porque se considerou no seu momento que é mellor Rosalía de Castro, aínda que efectivamente o lugar é o recheo, e o mesmo con Prados Vello, Pedro García Vilar é unha persoa que entregou a súa vida ó Numancia, e ten que deixar de chamarse como era tradicionalmente para darlle un nome a unha rúa como a rúa de Pedro García Vilar, e no Parque Rosalía de Castro, hai un Paseo, pois efectivamente falece un médico que adica a súa vida a Ares roza as simpatías de moitísima xente por suposto as miñas, e me parece razoable poñerlle o nome de Paseo do Médico José Luis Pérez Barreiro. E efectivamente ven o ANPA e pon de manifesto recuperar a festa da arbore, para recuperar a festa da arbore, nos poñemos en marcha para recuperar algo, porque efectivamente hai unha canción, hai unha letra, hai unha tradición, e conectamos outra vez con Federico García Exposito, por certo fillo adoptivo de Ares desde 1926, primer Director da Alianza Aresana, en 1912 veu a facerse cargo da dirección Académica das Alianzas, ben a familia porque efectivamente entramos en contacto coa familia, para intentar recuperar o día da Arbore, entrase en contacto coa familia e esta di que o seu pai estaba moi ligado a Ares e fillo adoptivo de Ares e non hai nada que o recorde, entón no primeiro que pensas e nunha Rúa e acabas de amañar o Mazote, cuio nome “Mazote” designa un lugar que seguirá sendo un lugar, aquilo seguirá sendo o Mazote, eu recordo que vivía na Rúa Constantino Lobo, pero a mín as cartas me chegaban e poñía Rúa María, nunca vín Constantino Lobo agás que no cartel, agora porque ó Mazote se lle puxo Federico García, porque se acababa de amañar, coincideu que se amañou, se gastaron efectivamente 50 millóns de pesetas, 300 mil euros e efectivamente se puxo Rúa Federico García Expósito, entón súa Moción sen dúbida algunha prestase a unha apreciación moi subxetiva, o primeiro é moi subxetivo porque o que eu considero que está vinculado ó lugar vostede pode que non, Pedro García Vilar esta vinculado a Prados Vello, eu creo que sí, Prados Vello é un nome tradicional, estou convencido de que sí, que priorizas o nome tradicional, ou lle pos Pedro García Vilar a calquer Rúa, e non a que sube ó campo de fútbol que era onde el tiña toda a súa entrega e vocación, pois eso é subxetivo o Alcalde exerce a competencia que lle da a Lei, por eso o segundo non procede aínda que vostede o vai a manter e o votaremos, pero a Lei lle da a competencia a Alcaldía, evindemente o anterior Alcalde ou o anterior grupo de goberno a exerceu no seu momento, coa praza de Tucho Vilasánchez, a exerceu no seu momento, eu creo que efectivamente non é disparatado adicarlle unha rúa a Tucho Vilasánchez, nin é disparatado adicarlle unha Rúa a Federico García Exposito, se están respetando uns criterios, persoas relacionadas, entón evidemente se fai unha crítica sesgada na exposición da Moción como si agora non estivesmos respetando esto, si que o estamos respetando, porque o que se



persigue como nome é manter a historia, a Praza do Numancia e que alí foi o campo do Numancia, a Praza do Pozo e que alí hai un pozo, a Rúa José Luis Perez Barreiro era un paseo que por certo se acababa de amañar que estaba todo roto, entón si que é asumible as críticas subiacentes na presentación desta Moción, porque persoalmente efectivamente creemos que en canto á designación de nomes o estamos facendo correctamente, e non estamos cometendo ningún disparate, o estamos facendo razoablemente ben, como o anterior grupo de goberno, e os anteriores pois efectivamente fixeron, e unha situación que efectivamente ven por un criterio de oportunidade política, ben a cuestionar o que se ben facendo e creo que non é cuestionable, é razoable, non é reprochable o que está facendo o Concello, nos últimos nomes que está poñendo non é nada reprochable, polo tanto me nego a aceptar a máxima.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: En principio Alcalde eu podo estar de acordó en algúns aspectos, do que as exposto agora, pero no caso concreto que é o que nos debe levar, penso que o motivo da Moción e polo cambio de denominación da Rúa Mazote por Federico García Exposito, me gustaría facer algunhas consideracións e puntualizacións o respecto e referirme o caso concreto deste cambio de denominación da vía. Independentemente do tema legal, se é unha competencia da Alcaldía ou non, máis ala eu creo que o fondo e a forma, non é o adeducado nesta situación concreta, e vou a dicir porque, en primeiro lugar me gustaría tamen ademáis para non dar lugar a moitas conclusións en canto do tipo legal porque se desprende da Moción que pode incurrir nunha usurpación dunha competencia da Alcaldía, me gustaría que na exposición da Resolución da Alcaldía en canto a leis, regulamentos e Reales Decretos me gustaría que concretara se pode ser o artigo que engade e así nos quitaríamos de moitas dubidas porque así esta claro que artigo de que lei ou que Real Decreto incumpría eso, entón claro aquí se fai referencia a unha clase de leis, de regulamentos ou Reales Decretos e pode dar lugar a esa confusión.

O Sr. Alcalde di que na Lei de Bases de Réxime Local se establece con nítidez as competencias do Pleno, e todo o que non esta atribuído os outros órganos é competencia exclusiva do Alcalde, entón claro enumerar as competencias do Alcalde é moito máis difícil que enumerar as do Pleno, se di cales son as do Pleno e todas as demáis son da Alcaldía.

O Sr. Luis Cendán di que si que esta claro que pode ser así, pero nas leis que aluden o Real Decreto, por exemplo a Lei 7/85 non contempla eso, despois se poden chegar a conclusión do que ti dis, as que non veñen especificadas que van directamente a Alcaldía. Máis lonxe de todo eso vamos a referirnos o caso concreto, da Avenida do Mazote e o cambio da denominación, neste caso dicir que todas as persoas o largo da súa vida teñen unha labor social, importante como é o caso, hai unhas luces como todas persoas temos e ademáis temos algunhas lagunas, eu non me vou a referir neste caso as Lagunas do Sr. Federico García Exposito, que non son tampouco a persoa máis experta neste pero me imaxino que como todas as persoas temos algunha laguna. Dicir que o cambio de rúa entendemos que non é nin



a forma nin o fondo, porque esta persoa concretamente como ben dí a Resolución da Alcaldía, e dixo na súa exposición o Sr. Alcalde este señor e fillo adoptivo da Villa de Ares, ademáis ten a medalla de ouro, e ademáis ten designada unha Praza, polo tanto estamos falando non dunha nova denominación dunha rúa, senón que o Concello de Ares con este señor tivo a través de toda a historia, un recoñecemento, e feito evidente é que na mesma Resolución pon que no ano 1926 se lle entrega a medalla de ouro do Concello de Ares, se lle fai fillo adoptivo do Concello, e ademáis se lle asigna unha praza onde el historicamente solia e as persoas, eso o comprobamos os que fomos alumnos das Alianzas, que no día da Arbore viña Don Federico de A Coruña a plantar a arbore en algún lugar do Concello e votar o discurso, polo tanto dicir que este señor tivo sempre unha consideración e unha praza ademáis, caso concreto o que me vou a referir a Rúa ou camiño como historicamente se lle coñeceu o do Mazote, foi toda a vida camiño do Mazote, esto se comenta que a familiar reivindica esto e como xa tiña unha Praza igual xurdía outra vía, ou outra Praza como as que acaba de mencionar o Alcalde, de que están sen poñer nome e o mellor podíamos facer un cambio pero xa digo, este señor xa ten unha Praza do Concello de Ares, e ten as máximas distincións do Concello, polo tanto eu creo que non é o máis adecuado este cambio, porque ademáis todo o problema que leva implícito esto, porque alí agora mesmo se concentra moita poboación, do Concello con todo o cambio de direccións e demáis, eu creo que Alcalde sin ningún animo de tal, eu respeto a túa decisión que seguramente a fixeches coa mellor intención, pero creo que había outras propostas e a través de calquer comisión ou a través de calquer comentario, calquera de nos, te podíamos informar que xa existía unha praza con ese nome, que é praza de Federico García que é onde está ubicado O Tilo, había unha placa branca ata hai puco tempo, non sei si se arrancou, se quitou, alí había unha placa con Praza Federico García así mesmo poñía, polo tanto ese señor ten a consideración dos Aresanos, como se merece neste caso, polo tanto disconformidade independentemente da Moción que non teña sentido porque usurpa legalmente unha competencia do Alcalde, pero si facer constancia da discrepancia nas formas e no fondo.

O Sr. Alcalde di: A Plazuela de Federico García desapareceu a placa, e coa reforma da praza da Igrexa se presenta un proxecto que é Praza da Igrexa, pero efectivamente aparece noutros sitios Sanchez Barcaiztegui, cando efectivamente temos a denominación do nome das Rúas o frontal e Praza da Igrexa e o traseiro e Sanchez Barcaiztegui, e hai non había nada máis, si é certo que había unha placa, eu me lembro de neno que nas Alianzas había unha placa branca, pero efectivamente esas placas desaparecen, e efectivamente o que consta e o que esta rexistrado tanto por parte da Policía Local como na comprobación que fixen eu, eu de onde saco que non existe esa Plazuela, do proxecto de rehabilitación da Praza da Igrexa, a primeira fase a paga a Deputación, a segunda e a terceira Política Territorial, e os proxectos Sanchez Barcaiztegui por detrás e praza da Igrexa por diante, hai non había praza de Federico García por ningún sitio, entonces é onde eu deduzco que este home non ten rúa.

O Sr. Luis Cendán di que na tramitación dos Planes eso ven como Federico García, que pasa que é igual que o que comentache, imaxinete que o cartel da Constantino Lobo non se quitara.



O Sr. Alcalde di que a documentación que tramita o Concello que vai a tres Consellerías, que vai a Patrimonio, que che dan subvencións, que executas as obras e xustificas, Praza da Igrexa e Sanchez Barcaiztegui, non hai outra cousa.

O Sr. Luis Cendán di que unha cousa e Praza da Igrexa e outra á de Federico Gacía, con cousas diferentes.

O Sr. Alcalde di que a de Federico estaría entre a Praza da Igrexa e a Sanchez Barcaiztegui pero de repente desaparece, da documentación, desaparece absolutamente de toda tramitación, e cando se decide poñerlle o nome a unha Rúa e sae o Mazote porque se acababa de amañar, a verdade e que o Mazote trae malos recordos, porque son 8 anos de baches, de reclamacións de veciños por roda pinchadas, o do Mazote era unha situación que eu creo que se prolongou no tempo en exceso, porque ademáis é unha das entradas principais de Ares, se amaña se gastan 50 millóns, queda precioso, e unha Avenida e foi o criterio que efectivamente se usou, foi con boa fe, foi para enaltecer a unha persoa cunha vinculación moi especial, coa nosa terra, non é un calquera, todo o contrario, e merece sen dubida algunha ser distinguido unha vez máis, e esa é a filosofía, sin ningunha mala intención, e eso entendo que é moi subxetivo, pero esta dentro do correcto, igual que foi correcto poñerlle o recheo Rosalía de Castro.

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, eu creo que xa falei deste na Xunta de voceiros, cando se presentou a Moción do Bloque, advertin que coincidía que non estaba de acordo no nomeamento desa Avenida porque nos a política que se viña seguindo como dixo o voceiro do BNG e os anteriores tamén, dicir que se busca sempre a nomenclatura do sitio, vou a poñer un exemplo na Urbanización de Papellas, esa urbanización hai leva uns nomes, dunhas cousas que se ían perder, como as puntas do Paragoi, a punta da Zamborela, se van a perder coa construción do porto de Ares, a idea a que nos ten que levar e a lugares de Ares que non se perdan, poñer a este Señor que esta considerado non vamos a dicir o contrario, poñerlle unha rúa nova, pero non quitarlle unha rúa popular como o Mazote, creo que eso é un error, xa polo follón que vai a dar a toda a cidadanía que hai alí. Poñer un nome a unha rúa dunha persoa que fixo algo por Ares estou de acordó pero rúas novas, e non quitar un nome popular, a rúa Real cando entrou Franco na dictadura se lle puxo Rúa General Franco pero en Ares ninguén lle chamaba así se chamou Rúa Real toda a vida, a esto lle vas a poñer un nome que ninguén lle vai chamar o nome a este señor, e foi un señor relevante, non o vai chamar ninguén, eso vai a ser Mazote toda a vida. Eu penso que máis importante que este señor foi Troche, que é o home que máis hai que condecorar aquí en Ares e non esta condecorado e poñerlle unha praza e un busto, se pudo poñer o busto aquel que se gastaron cinco millóns de pesetas, o Sr. que loitou porque en Ares houbera cultura, e educación, que foi este o Presidente das Alianzas Aresanas en Cuba, Ricardo Troche, este señor hai que poñerlle o máis grande que poida haber en Ares, porque este é un asalariado deste señor, era un



mestre que cobraba, pero este outro cunha xunta de Aresanos en Cuba, se xustaban pagaban os libros, pagaban o vestiario dos nenos e pagaban os Mestres, e se fixo a Alianza Aresana e as Escolas das Nenas, e este é o home máis importante que tuvo a historia de Ares, e non está recoñecido, eu creo que a partir de agora se recoñeza e se faga o que se ten que facer por este home porque é o referente que temos que ter neste pobo, pero nos que temos que lembrar a ese señor, ese señor é o máis grande que deu Ares en toda a historia, eso a día de hoxe é invariable que pagásemos de noso patrimonio a Mestres para educar os nenos, eso é impensable e eso hai que valóralo, e telo como hai que telo. E con respecto o que nos levaba as rúas hai que ter un referente nos guste ou non nos guste, e hai que primar os nomes populares das zonas, e en segundo eu son partidario e meu grupo, a xente de Ares que destaque, a calquer Aresano que destaque e existe unha rúa nova que se poña o seu nome, eso xa isofacto, nin Rosalía de Castro nin Xesús o Nazareno, nin nada a Aresanos que fixeron algo polo pobo. A eses hai que valóralo e primalo, ter eses dous criterios a nomenclatura da zona, e segundo, algún Aresano que destacara na súa vida por algo, facer un acordo e telo claro, se se derá o caso, xuntarnos na Comisión de Cultura, a min non me parecería mal que lle puxeras a Plaza do Parque de Rosalía porque estaba vinculado a ela. A xente que traballe e destaque polo pobo altruistamente o temos que primar sempre.

Sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos ausentase do Salón de Sesiós o Sr. Echevarría Lage.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Todas as decisión desta Corporación poden ser suxetivas, todo é subxetivo nesta vida, do que se esta falando non é da legalidade, que sei que obedece a unha competencia que pode ter o Alcalde, senón de aplicar un certo grado de Normalidade, e nese aspecto non pensar que todo é aplicación da legalidade, e dicir o Alcalde pode legalmente poñerlle no nome a unha Rúa, si, vista a situación de certo desagrado, podese reconducir eso, si. Nos somos cargos políticos que nos eleixiron pero non temos porque saber de todo, pero podemos preguntar, pero o problema é que cando non se pregunta, o que pode ser unha torpeza se pode converter nunha irresponsabilidade, porque aquí torpezas as facemos todos, eu todos os días, o de Rosalía de Castro sería bon ou sería malo, pero eso pasou por unha decisión Plenaria, ademais me parece que foi por unanimidade, hai houbo un debate e para min ten máis valor desde o punto de vista, porque eu prefiro que se equivoquen dez e non que se equivoque un solo, así nos desde ese punto de vista si decidimos cando sexa non estamos poñendo nomes a rúas todos os días, que cando sexa así se pase a través da Comisión de Cultura e teña o refrendo do Pleno penso que é bon para todo o mundo, non creo que o Alcalde teña un interés especial en exercer a competencia para poñerlle un nome a unha Rúa, polo tanto do que se esta falando en converter unha cousa normal en facela legal tamen. Eu non pretende aquí abrir ningunha guerra polos nomes das Rúas non son partidario desas cousas, tanto e así que eu podo ter as miñas preferencias tamén, pero non é o caso, incluso me parece que aquela corporación, tuvo a ponderación pese a ser unha Corporación complicada, viñamos dun momento dunha dictadura, eu acordome de





aquel debate, as tensións eran evidentes, e se chegou a unha cousa, había un que non coincidía con unha, e se chegou a un pacto que se respetou por parte de todo o mundo, despois viñeron outras Corporacións e nunca houbo modificacións, enton nese sentido eu creo que é mellor que ese debate se de dunha maneira colexiada e dunha maneira ampla, por eso nos propoñemos a fase do Pleno, independentemente que despois para que eso sexa legal a Resolución a asine o Alcalde, e sei que hai cousas que non sen convirten en normas ata que teñen a sintaura de que a teñen que ter, pero estou falando doutra cousa, esto falando precisamente de solventar estes problemas que temos aquí, a subxetividade pode ser moi grande, o do Mazote eu me preocupei de mirar en Internet, e pode haber varias afeccións, unha pode ser que no seu momento se ía a lavar alí nun río e se utilizaban un mazo para lavar o liño, e de hai viñera o de mazo, eso é unha parte da nosa historia, todos os topónimos teñen unha explicación, por exemplo o de Pedrachá en Chanteiro, ou relacionados con xente que viviron alí que tamén os hai, en todo caso vostede dí, agora estou amañando esta prazita e como hai un pozo todo o mundo lle chama praza do pozo, claro e alí todo o mundo lle chama rua do Mazote, pero vostede ten unha vara de medir para a praza do Pozo que non ten nin o cartel, que non ten para o Mazote que ten o cartel e o chama todo o mundo pois o cambiamos. Eu teño aquí un recorte da Voz de Galicia do 7 de febreiro do 2003, unha crónica de Carlos Fernández que era moi especialista nestas historias que dí: Falande de Federico García, “en 1996 foi nomeado fillo adoptivo de Ares dándose despois o seu nome a unha das Prazas da Vila” e aquí hai unha foto e esta a placa hai, e a miña pregunta é, se había unha placa había unha praza, e a praza estaba dedicada a ese home, igual que hai unha praza da emigración en Ares, a Praza da Emigración esta en Redes, en aquel aparcamento que hai cando se sale de Redes, entonces é importante saber a historia que temos.

O Sr. Alcalde considerando bastante debatido o asunto, retira a palabra o Sr. Rodríguez Doval e somete a votación o asunto e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (2 B.N.G. 4 P.P. e 1 NAL) 5 votos en contra do PSdeG-PSOE, e 1 abatención do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, acorda presta-la súa aprobación á Moción do BNG e adoptar os seguintes acordos:

**1.- O concello promoverá a recuperación das denominacións tradicionais dos lugares u, caso de non existiren, de aquelas que teñan a ver con tradicións, actividades ou persoas relacionadas co lugar.**

**2.- No tocante a asignación de nomes a lugares ou viais do concello, o acordó corresponderá ao Pleno da Corporación, previo debate de informe da Xunta de Voceiros, que achegará se é o caso, os informes que xustifiquen a proposta.**

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os voceiros dos grupos se teñen algunha Moción, para presentar pola vía de urxencia. O Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, presenta a seguinte Moción:





## **MOCION DO PP CONTRA DA RETIRADA DA AXUDA DE 426 EUROS AOS PARADOS DE LONGA DURACIÓN.**

Recentemente o Goberno socialista anunciou a supresión da axuda de 426 Euros aos parados de longa duración (Programa Temporal de Protección do Desemprego e Inserción).

Este recorte supón, en última instancia que o colectivo máis vulnerable da cidadanía é que pagar en primeira persoa a improvisación e incapacidade dun Goberno sen rumbo nin planificación.

O Goberno socialista xustifica este recorte na necesidade de aliviar o gasto público, sen embargo, a política de despilfarro que levou a cabo nestes últimos anos o goberno do Sr. Zapatero obríganos a pagar agra uns intereses pola débeda moi superiores ao custe total do Programa Temporal de Protección do Desemprego e Inserción (PRODI).

Asimesmo, a supresión desta axuda supón retirar o seu único ingreso moitas familias que conta unicamente con esa renda de subsistencia para manterse e sobrevivir. Ademais o momento que se escolle é o máis inoportuno, xa que o número de persoas que necesitan desta axuda crece exponencialmente.

Retirar esta medida vai facer que máis de 600.000 persoas en España se vexan nunha situación límite e loxicamente veranse obrigados a pedir axudas ós concellos, que tamén se encontran nunha situación de penuría económica.

Por todo isto, o Grupo municipal popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordó:

**“Instar ao Goberno de España a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que agotasen todas as súas prestacións”.**

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que antes na Moción do BNG xa se falou do tema, que esta claro esto dos 426 euros que afecta á xente máis desfavorecida, un problema social que se pode xenerar a nivel Autonómico e a nivel Nacional estamos a falar en Galicia de máis de 9000 persoas que se lles vai a quitar esta axuda, e que o final toda esta xente vai a repercutir no Concello, xa que por parte dos Servizos Sociais habera que votar man de todo isto, e a nivel nacional estamos a falar de 600.000 persoas, creo que é unha situación bastante lamentable, creo que isto hai que evitar que esta xente deixe de cobrar estas cantidades, porque estamos falando de inseguridade cidadan e unha situación lamentable, podemos esixir que se recorte doutros lados pero que estas cantidades que xa son infimas que esta xente non se lles recorte, porque ó final o vamos a pasar todos mal, o concello ter que



axudar a toda esta xente por riba das cargas que hai, e ademáis aumentará a delincuencia, imaxinete sin entrar un euro nunha familia, a xente terá que quitar de donde sexa, o máis importante e decirlle o Goberno que siga mantendo esta axuda, que se respete e que se quite doutros lados, porque a situación é bastante lamentable ter que quitar os máis indefensos estas cantidades.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. LUIS CENDAN FERNÁNDEZ: O meu voto vai a ser favorable.

O Voceiro non Adscrito Sr. Echevarria Lage manifesta que vai a ser favorable.

O Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifesta que o seu grupo vai a absterse porque teñen unha Moción similar pero máis ampla que van a presentar no rexistro, co temas das pensións, e preferimos que se vote en bloque, polo que nos vamos a abster.

Acto seguido Sometese a votación a urxencia, co seguinte resultado: 6 votos a favor (4 P.P. 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 7 abstencións 5 PSdeG-PSOE e 2 BNG, polo que se rechaza a urxencia ó non alcanzar a maoría prevista no artigo 51 do R.D.L. 781/86 de 18 de abril.

#### **PUNTO NÚM. 9.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán: En primeiro lugar, como habíamos acordado na Xunta de Voceiros, pedir unha reunión co Delegado da Xunta, polo tema da ampliación do Colexio, preguntar en que situación se atopa.

Resposta o Sr. Alcalde que se pediu a entrevista o mesmo día que se acordou, se enviou un fax no que se pide unha entrevista con todos os Voceiros, e estamos esperando.

O Sr. Luis Cendan: di que as vaia a facer todas xuntas: ¿En que situación se atopa o Centro de Día? ¿Qué é do Parque Eólico Singular?, ¿En canto ás Escolas das Nenas, parece ser que estaba alí o Tilo e que pasou para o Concello Vello, que se pretende facer ou que situación está?. Despois en canto comentar unha resolución a 239/10 que é das subvencións as Comisións de Festas, onde se dan á Festa do Carmen de Ares, a San Roque e á de Lubre 3000 euros, á Comisión do Carme de Redes 700 euros, e a parte destas subvencións ás Comisións se lles aporta algo máis, e dicir tamén que non esta na relación non sei cal é a razón a festa da Merced de Chanteiro. Outra resolución que me chamou a atención foi a subvención que se lles deu aquí a dúas persoas que viñeron a facer aquí un contrato de prácticas, se este tipo de axuda se lles da con normalidade a todos os que veñen a facer practicas.

O Sr. Rodríguez Doval: di que ten dúas que xa se fixeron pero que reitera, que son a do tema do C.P.I., e a apertura do Centro de Día, e despois dúas novas que son: si se fixo algo a



respecto do viais afectados pola reparación na zona de Chanteiro, se se fixo un informe acerca da situación de deterioro que teñen porque me consta que ahí se fixo un pequeno amaño, e que se están volvendo a deteriorar e sobre todo se se esta a facer un informe cun documento que vincule que o teña que facer a Xunta de Galicia que foi a que fixo as obras e que non o faga o Concello, polo tanto se hai informe e se os gastos van a correr a cargo da Xunta. E o segundo é si se sabe algo con respecto á adxudicación do Centro de Saúde.

O Sr. Manuel Cendan di que ten varias: O paso de cebra que hai na estrada en frente da caseta de Turismo, que esta sin pintar. Outra na Rúa Salazón onde atravesa polos de Vilar onde están as maquinillas esas, que se ia pavimentar.

O Sr. Alcalde di que o propietario renunciou a licencia e que non cedeu o vial.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que o tema das calderas, cando non funcionaba a calefacción eu preguntei, e o parecer era unha peza, e despois cambiachedes as calderas, a do Concello e a das Alianzas.

Resposta o Sr. Ferreiro Montenegro, que as calderas estaban estropeadas e cando se lle dixo que faltaba unha peza era das calderas novas, a caldera do Centro Cultural estaba rota, e a do concello era insuficiente para todo o edificio.

O Sr. Manuel Cendán di que ten outra pregunta, o das Subvencións as Sociedades, me extraña e me parece mal que o Casino de Ares se lles de 1000 euros cando a outras Sociedades se lles da máis, o Casino de Ares está ahí de toda a vida, colabora co Concello sempre e me parece infimo darlle 1000 euros.

Resposta o Sr. Alcalde que as sociedades son o Casino de Ares, a Agrupación Instructiva de Caamouco, o CIRS de Cervás e o Centro Cultura Outeiro de Chanterio, ti o que facias e darlle máis o Casino, e nos o que fixemos foi equiparalas a todas a 1000 euros, porque todas teñen socios, lle subimos ás outras o que ti xa lle dabas o Casino, para tratalas a todas por igual.

O Sr. Manuel Cendán, di que ti lle pides o Casino para calquer cousa e este colabora, e hai que primar eso, e outra cousa que non me gustou foi quitarlle a subvención ó Numancia, e despois nas Resolucións da Alcaldía ven outro convenio que fas co Clube Náutico, e co Conde de Fenosa, a un lle das 5000 euros, e a outro 1000 euros, entonces quero saber eu que tipo de convenio fas co Clube Nautico, e despois co Conde de Fenosa cando o Colexio ten unha subvención, quero que o expliques.

Resposta o Sr. Alcalde, sobre o Centro de Día, o Centro de Día está amoblado, a Admistración Autonómica ten o compromiso de abril pero ten que sacalo a licitación, opta polo modelo de xestión indirecta, en outubro asumiron o compromiso que tiña que estar totalmente dotado e amoblado e que o Concello tiña que ter executadas unha serie de obras, e nos cumprimos, chamamos e nos din que están co procedemento de licitación, e



seguramente que o sacaran para todos os Centros xuntos, o van a abrir pero están non procedemento para elo.

En canto o Parque Eólico, sigue coa tramitación en Industria. Houbo un paron, o que foron as adxudicacións, neste ámbito e nos afectou tamén os Parques singulares, porque houbo unha reordenación do Sector, a nos mantuveronos os tres megavatios pero nos fixeron un proxecto novo, e agora estamos a punto de empezar o proceso de adxudicación, entonces temos todos os trámites solventados coa Consellería de Industria, cando o Goberno Autonomo efectivamente resolveu o tema do eólico despois da reordenación que fixo, xa temos nos a comunicación de que temos que proceder a adxudicación, entonces estamos nesa fase.

Na Escola de Nenas, estamos intentando facer un proxecto de rehabilitación, hai dúas e vamos a empezar coa que pega coa rua María, que é precisamente onde o Tilo tiña a súa sede, precisamente para redactar o proxecto e para que efectivamente podamos ir facendo, algunhas actividades vinculadas sobre todo o taller de emprego, temos en previsión facer algo xa ahí, non se vai facer en xaneiro, nin febreiro ou marzo, máis que o proxecto, pero efectivamente si pode quedar libre ese edificio, podemos loxicamente empezar a facer obras de saneamento, entonces efectivamente o Tilo necesita un local e o Concello Vello esta vacío, e entonces esta alí, a idea non é que o Tilo se quede no Concello Vello, a idea e buscarlle un bo local o Tilo, estamos intentado buscarlles unha ubicación.

En canto as subvencións as Comisións de Festas, se teñen que facer por resolución da Alcaldía, porque por vía de subvención non son Asociacións, a Comisión de Festas do Carne non está dada de alta en ningún rexistro de Entidades, e on ten un CIF, entonces non poden pedir subvención, porque as subvencións son para entidades, entonces como non teñen personalidade xurídica teñen que ir por resolución da Alcaldía, e van todas as que están previstas no goberno municipal, a Festa da Merced levaba dous anos sen facerse e non contábamos con ela, levaba dous anos sen facerse e no presuposto de subvencións a Comisións non a metimos, e de repente veñen en setembro e nos din que a van a facer, e razoablemente o expliquei, como levades dous anos sen facer non contábamos con vos e na partida non hai os 1000 euros, tamén é certo que estamos a facer un esforzo con eles, porque ó Outeiro sempre se lle daban 1000 euros este ano se lle deron 3000 coa intención de axudar a poñer a calefacción.

Os alumnos en practicas os que se refire me imaxino que son Cecilia e unha chica que estivo no Alcaldía, entonces hai practicas e practicas, cando se trata dun alumno en practicas que esta un mes ou unhas semanas non hai ningunha práctica o respecto, pero cando se trata de persoas que están en practicas e están dedicadas en corpo e alma cun horario laboral e con bastante tempo de adicación se decidiu ter un xesto, son alumnos en practicas, hai un convenio asinado que ampara esas practicas, entonces efectivamente eses trescentos euros constituen un premio un incentivo, un pequeno recoñecemento, porque hai practicas e practicas, hai que esta de practicas a non facer nada a cumprir o expediente e a irse, e hai



quen esta de prácticas cun xornada laboral de entrada e saída como por exemplo foron estas dúas persoas, unha delas é unha persoa con diversidade funcional, é unha maneira tamen de darlles un recoñecemento.

Os viais de Chanteiro, xa se notificou á empresa e esta xa veu e os amañou, si efectivamente volven a estar mal, volverase a chamar á empresa, porque efectivamente nos negamos a recibir a obra, había viais mal e o Concello non recepcionaba a obra.

O Centro de Saúde efectivamente todos coñecemos o compromiso da Consellería de Sanidade de sacalo a concurso, e esta nesa fase, en consecuencia esta orzamentado hai consignación presupuestaria, e esta pendente de adxudicación.

O paso de peons fronte a caseta de turismo, debimos de asfaltar hai tres semanas en non parou de chover.

O do Numancia, están nunha instalación municipal, onde todas as obras de conservación e mantemento as está levando a cabo o Concello, e loxicamente temos que asinar un convenio, hai que aclarar que pagan eles e o que paga o Concello, co Numancia a historia da subvención xa é unha contribución ó sostenimento, temos que dirimir e estamos nesa fase, como se xestiona esa instalación que hai que pagar desa instalación, que pagan eles desa instalación e efectivamente como se usa esa instalación, esa instalación vai a ter horas libres onde eles non entrenen nin faga nada, pois loxicamente nesas horas poderán facerse actividades. E unha situación que teremos que facer agora a fin de ano. O problema co Numancia xurde cando se lles chama desde a Alcaldía para ir ó Notario para asinar o acordo que firmaches ti sendo Alcalde, e se negan a ira o Notario, hai xurde o conflito, non houbo máis conflito. No campo de fútbol quedarán horas libres que o Numancia non utilice e o Concello poderá facer cousas como fixo este ano o Campus do Celta de Vigo, o problema xurde cando se lles di de ir o Notario, porque din que a Cesión é por 35 anos, 35 anos que non aparece por ningún sitio. Entón agora efectivamente hai que asinar un convenio con eles, no convenio vai a aportación municipal, vai a subvención.

En canto o Clube Nautico, hai dous eventos que van convenio, que é a Regata do Clube de Remo de Traiñas, que vai por convenio 6000 euros, e a Regata Concello de Ares de non sei que embarcación de vela 5000 euros, eso vai por convenio, van por Resolución da Alcaldía en execución deses convenios.

E o Conde de Fenosa ten que ir tamén por Resolución da Alcaldía porque non ten personalidade xurídica, o Conde de Fenosa é un Colexio, pero non está inscrito como Entidade, como Asociación, como Fundación, o Conde de Fenosa é un colexio da Administración non ten personalidade xurídica propia, non poden recibir tampouco por vía de subvención, ten que ir por vía de convenio e se lles dá por Resolución da Alcaldía.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e coarenta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,